

REUNIÓN DO PLENO DO PARLAMENTO

Día: 20.11.2017

Hora: 10:00

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 20 de novembro de 2017, ás 10:00 hs., no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 14 de novembro de 2017, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 (doc. núm. 19214, 10/PL-000007)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 197, do 20.10.2017

Publicación de emendas á totalidade, BOPG n.º 210, do 14.11.2017

Punto 2. Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 19215, 10/PL-000008)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 197, do 20.10.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria a devandita reunión.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 14/11/2017 17:10:55

RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Magdalena Barahona Martín	EM
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de la Concepción Burgo López	S
Marcos Cal Ogando	EM
Diego Calvo Pouso	P
Francisco Casal Vidal	EM
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
Francisco José Conde López	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Raúl Fernández Fernández	S
César Manuel Fernández Gil	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Martín Fernández Prado	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
Carlos Enrique López Crespo	P
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Beatriz Mato Otero	P
Juan José Merlo Lorenzo	EM
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
José Alberto Pazos Couñago	P
José Manuel Pérez Seco	S
María Luisa Pierres López	S
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG

Pedro Puy Fraga	P
Rosa María Quintana Carballo	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Manuel Rey Varela	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	EM
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
María Soraya Salorio Porral	P
Antón Sánchez García	EM
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Eva Solla Fernández	EM
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
Paula Vázquez Verao	EM
Daniel Vega Pérez	P
Patricia Vilán Lorenzo	S
Luis Villares Naveira	EM

Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia X Lexislatura

(actualizada 06 de febreiro de 2017)

Para votación por chamamento

APELLIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST
1. Álvarez Martínez, Luís Manuel	S			
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	P			
4. Balseiros Guinarte, Silvestre José	P			
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
6. Barahona Martín, Magdalena	EM			
7. Blanco Paradelo, Moisés	P			
8. Blanco Rodríguez, Noela	S			
9. Cal Ogando, Marcos	EM			
10. Casal Vidal, Francisco	EM			
11. Castiñeira Broz, Jaime	P			
12. Chao Pérez, Luca	EM			
13. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	EM			
14. Díaz Villoslada, Juan Manuel	S			
15. Egerique Mosquera, Teresa	P			
16. Fernández Fernández, Raúl	S			
17. Fernández Gil, César Manuel	P			
18. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	S			
19. Fernández Prado, Martín	P			
20. García Míguez, María Angeles	P			
21. Gómez Salgado, Carlos	P			
22. González Vázquez, José	P			
23. Lago Peñas, José Manuel	EM			
24. López Crespo, Carlos Enrique	P			
25. Losada Álvarez, Abel Fermín	S			
26. Merlo Lorenzo, Juan José	EM			
27. Moreira Ferro, Jacobo	P			
28. Mouriño Villar, Antonio	P			
29. Murillo Solís, Maria Guadalupe	P			
30. Novo Fariña, María Isabel	P			

31. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
32. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
33. Pazos Couñago, José Alberto	P			
34. Pérez Seco, José Manuel	S			
35. Pierres López, María Luisa	S			
36. Pontón Mondelo, Ana Belen	BNG			
37. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
38. Prado del Río, Paula	P			
39. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG			
40. Puy Fraga, Pedro	P			
41. Quintero Araújo, Paula	EM			
42. Quiroga Díaz, José Antonio	S			
43. Rivas Cruz, José Luis	BNG			
44. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
45. Rodríguez Arias, Marta	P			
46. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
47. Rodríguez Estévez, David	EM			
48. Rodríguez Pérez, Moisés	P			
49. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
50. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	P			
51. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
52. Salorio Porral, María Soraya	P			
53. Sánchez García, Antón	EM			
54. Santos Queiruga, Carmen	EM			
55. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	P			
56. Toja Suárez, María Dolores	S			
57. Torrado Quintela, Julio	S			
58. Trenor López, Gonzalo	P			
59. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	P			
60. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
61. Vázquez Verao, Paula	EM			
62. Vega Pérez, Daniel	P			
63. Vilán Lorenzo, Patricia	S			
64. Villares Naveira, Luís	EM			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA				
--	--	--	--	--

65. Quintana Carballo, Rosa María	P			
66. Rey Varela, José Manuel	P			
67. Conde López, Francisco José	P			
68. Mato Otero, Beatriz	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			

DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO				
--	--	--	--	--

71. Burgo López, María de la Concepción	S			
72. Arias Rodríguez, Raquel	P			
73. Solla Fernández, Eva	EM			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 20.11.2017

Hora: 10:00

Orde do día

1. Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 (doc. núm. 19214, 10/PL-000007)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2017 Hora: 10:00
Orde do día

1.1 19214(10/PL-000007)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
de Galicia para o ano 2018

Publicación da iniciativa, 197, 20.10.2017

Publicación e asignación á Comisión, 197, 20.10.2017

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018

■ 19214 (10/PL-000007)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018

[58605](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018

— 19214 (10/PL-000007)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018

O Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, xunto coa súa documentación anexa, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia o día 19 de outubro de 2017, tivo entrada no Rexistro do Parlamento de Galicia o día 20 de outubro de 2017 (núm. de rexistro 19214).

A Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, na reunión do día 20 de outubro de 2017, acordou, ao abeiro do disposto no artigo 111.2 do Regulamento, a tramitación do proxecto de lei, a súa asignación á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Sublíñase que, ao abeiro do artigo 68.2 do Regulamento, se declaran hábiles para os efectos parlamentarios os luns e sábados e que a tramitación do Proxecto de lei de orzamentos se someterá, logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios, ao seguinte calendario:

1. Publicación: 20 de outubro de 2017.
2. Solicitudes de comparecencias: ata as 11.45 horas do día 23 de outubro de 2017.
3. Celebración de comparecencias ante a Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos: os días 26, 27, 30 e 31 de outubro, e 2, 3, e 6 de novembro de 2017.
4. Presentación de emendas:
 - a) Á totalidade: ata o día 8 de novembro de 2017, ás 18.30 horas.
 - b) Ao articulado e aos estados de gastos: ata o día 17 de novembro de 2017, ás 18.30 horas.
5. Debate de totalidade ante o Pleno: o día 20 de novembro de 2017.
6. Informe da Ponencia: os días 28 e 29 de novembro de 2017.
7. Ditame da Comisión: os días 7, 11 e 12 de decembro de 2017.

8. Debate do ditame no Pleno: o 19 de decembro de 2017.

Así mesmo, tendo en conta o disposto nos artigos 129 a 131 do Regulamento, deben terse en conta para a presentación de emendas as seguintes regras:

I. Incluiranse no debate de totalidade (artigo 130.1):

1. As emendas que postulen a súa devolución global ou de calquera sección ou centro xestor de gastos.

2. As que afecten contías globais dos orzamentos ou transfiran créditos entre as seccións.

II. Respecto da tramitación das emendas parciais terase en conta que:

1. Para os efectos do artigo 129.3 do Regulamento, o concepto de sección equivalerá aos grandes centros xestores do gasto do presente orzamento. Polo tanto, as emendas parciais deberanse referir a partidas ou conceptos que se atopen na mesma sección.

2. As emendas parciais, como requisito para a súa admisión a trámite, ademais de sinalar o programa no que recaian, terán que consignar o número económico da sección e do servizo ao que o orzamento lles atribúa a súa xestión.

3. De conformidade co artigo 129.3 do Regulamento, cada emenda debe comprender o crédito que se aumenta e a baixa de igual contía na mesma sección.

Advírtese tamén que a publicación comprende exclusivamente o texto articulado cos anexos complementarios correspondentes. O resto da documentación está á disposición dos deputados e das deputadas nos grupos parlamentarios respectivos.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2017.

Miguel Ángel Santalices Vieira



Presidente



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Para a súa tramitación sumaria e preferente -prevista para as leis de orzamentos no Regulamento da Cámara- polo Parlamento de Galicia, remítolle o **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018**, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 19 de outubro de 2017.

Asemade, achégase certificación expedida polo Secretario do Consello da Xunta, co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, e documentación complementaria.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezanove de outubro de dous mil dezasete, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

“Aprobar, de conformidade co establecido no artigo 4.2 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, o *Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018*, e a súa remisión ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación sumaria e preferente, prevista para as leis de orzamentos no Regulamento da Cámara”.

E para que conste asino a presente, co visto e praxe do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a dezanove de outubro de dous mil dezasete.


Vº. e Praxe
O PRESIDENTE





XUNTA DE GALICIA

**PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA
O ANO 2018**





XUNTA DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 plásmase o compromiso que o Goberno asume con todas as galegas e galegos para establecer, desenvolver e levar a cabo políticas públicas que respondan e satisfagan as súas necesidades no ámbito social, económico e laboral.

Estes orzamentos diríxense a resolver os problemas que poidan atopar os nosos cidadáns na prestación dos servizos públicos fundamentais e no desenvolvemento das súas actividades, para iso promoven unha política económica dirixida á eficiencia do gasto, o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e a recuperación da actividade económica. Ademais, aséntanse sobre un itinerario coherente nas épocas de crise que permite abordar os cambios de ciclo sen contar con lastres que actúen de freo para o crecemento.

De acordo con estas premisas, os orzamentos para o 2018 seguen a senda iniciada nos dous exercicios precedentes e perseguen xerar confianza en todos os axentes económicos, reforzar os gastos esenciais de sanidade, educación e servizos sociais vinculados ao benestar das galegas e galegos dinamizar o investimento público para implementar unha política económica dirixida á promoción da actividade empresarial. Para iso, se implantan liñas de acción que favorecen a competitividade, a innovación, o desenvolvemento tecnolóxico e que fomentan a internacionalización dos diferentes sectores produtivos e de servizos galegos. Todo iso dirixido á estimulación e ao fomento do emprego que continúa sendo obxectivo prioritario destes orzamentos e da política económica da nosa comunidade.

O marco económico no que se van a desenvolver os orzamentos de 2018 presenta as seguintes particularidades:





XUNTA DE GALICIA

- No que respecta ao panorama internacional hai que destacar que a OCDE e a Comisión Europea manteñen o crecemento mundial en niveis favorables e sitúan as súas previsións no 3,6% mentres que o FMI eleva a súa previsión nunha décima. Estas previsións suxiren un afianzamento do crecemento nos próximos anos. A recuperación económica mundial continúa, motivada por un crecemento xeneralizado das economías avanzadas e un fortalecemento da actividade das economías dos emerxentes. As previsións para os próximos anos están suxeitas a riscos importantes á baixa, como a incerteza ao redor da política económica en Estados Unidos, o proceso de abandono do Reino Unido da Unión Europea e as tensións xeopolíticas.
- As proxeccións informan de que a expansión económica na zona euro continuará no período 2017-2018. Esta evolución baséase na mellora da demanda interna, apoiada por unha política monetaria acomodaticia e na mellora no mercado de traballo; ademais, a recuperación mundial favorecerá as exportacións da zona euro, aínda que poderán verse afectadas negativamente pola apreciación do euro. As previsións para 2018 da Comisión Europea mostran un maior crecemento, que no ano 2017, nas principais economías da área euro excepto en España e Portugal, aínda que a economía española seguirá notoriamente por encima da media da zona euro, cun crecemento previsto da 2,4% fronte ao 1,8% da zona.
- En canto á economía española, hai que considerar as posibles tensións ou riscos á baixa derivados da situación política en Cataluña, cuxos efectos xa se están extrapolando dentro do plan orzamentario remitido o 16 de outubro á Comisión Europea polo Goberno do Estado. O crecemento previsto para o ano 2018 será inferior ao do 2017, segundo os principais organismos encargados da elaboración de previsións, e sitúase entre o 2,4% da Comisión Europea e a OCDE e o 2,3% do Goberno. A achega da demanda nacional ao crecemento do PIB situarase ao redor dos 1,8 puntos porcentuais, lixeiramente inferior á do 2017. O consumo privado crecerá entre dous e sete décimas menos que no ano anterior e prevese un maior





XUNTA DE GALICIA

crecemento da formación bruta de capital. Por último, o gasto en consumo final das Administracións Públicas crecerá menos que en 2017.

- Para a economía galega o escenario macroeconómico prevé a continuación da fase expansiva da economía galega, debido a que mantén en 2017 o ritmo de crecemento do ano anterior, e estímase un crecemento máis moderado do PIB galego no 2018, aínda que cun diferencial favorable respecto ao conxunto de España. Este escenario aséntase sobre:

- A achega da demanda interna, que será maior que no 2017, como consecuencia dun mellor comportamento do consumo privado e do investimento. Respecto diso, o gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro crecerá máis que en 2017, posto que a renda dos fogares en termos reais moderará o seu crecemento pola perda de factores que axudaron ao crecemento nos anos anteriores, como a rebaixa fiscal ou a caída dos prezos. No ano 2018 o efecto da perda destes impulsos podería compensarse, en parte, por un aumento da remuneración por asalariado, que incrementaría a renda dispoñible dos fogares.

- A formación bruta de capital, que crecerá en 2018 por encima do 2017. As previsións mostran unha senda expansiva deste agregado nos próximos anos. O investimento en bens de equipo manterá unha tendencia á alza, favorecida polo dinamismo da industria manufactureira, polas condicións financeiras favorables e as menores necesidades de desapalancamento financeiro das empresas. O investimento residencial continuará cunha lenta recuperación, favorecida polo crecemento do emprego e a dispoñibilidade de financiamento.

- A demanda externa neta, que será positiva no ano 2018, diminuíndo oito décimas respecto do ano anterior. Esta achega producirase como consecuencia dun aumento das exportacións e das importacións. As exportacións acelerarán o seu crecemento debido a mellora do sector industrial e á evolución favorable dos países da nosa contorna. Polo que





XUNTA DE GALICIA

respecta ás importacións, o crecemento será superior ao do ano anterior e sustentarse no maior dinamismo do sector industrial galego.

— Por último, a taxa de paro, que se situará lixeiramente por encima do 14% en 2018, manténdose por baixo da previsión para España segundo os principais organismos públicos. Entre os determinantes desta taxa destaca a importancia do crecemento do emprego previsto para o 2018 en niveis próximos ao 2%.

En 2018, tal e como sucedeu o ano anterior, o marco orzamentario enfróntase cun elemento de complexidade, debido a que ao carecer de proxecto de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, as comunidades autónomas non dispoñen dos datos que van conformar definitivamente os seus estados de ingresos para o citado exercicio. Con todo, a situación para o 2018 non responde ao mesmo grao de incerteza que o ano anterior en virtude das razóns que a continuación se apuntan.

En primeiro lugar, no mes de xullo de 2017, o Estado aprobou o límite de gasto non financeiro para o 2018 e comunicou ás comunidades autónomas a información provisional sobre as entregas a conta do sistema de financiamento e sobre a liquidación do 2016 que debe satisfacerse o próximo ano. Os datos económicos que figuran nesta información provisional comunicada polo Ministerio de Facenda e Función Pública son os que se consideraron para a realización das estimacións correspondentes aos recursos que forman parte do sistema de financiamento nos estados de ingresos do 2018 e, por tanto, nin son exclusivos da comunidade autónoma nin se elaboraron á marxe do Estado, senón que, neste momento, son consistentes e están referenciados ás estimacións que actualmente manexa o Goberno do Estado.

En segundo lugar, o comportamento recadatorio no que vai do 2017 das principais figuras tributarias que integran o sistema de financiamento só cabe cualificalo como excelente, corroborando as estimacións manexadas polo Estado.



XUNTA DE GALICIA

Así, o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, cos últimos datos coñecidos que inclúen o mes de agosto, presentan un crecemento do 6,2% respecto do ano anterior, que se eleva ao 7% cando se compara en termos homoxéneos consecuencia de corrixir os distintos ritmos de devolucións e adiamentos. As causas deste crecemento repártense a partes iguais entre a evolución das retencións do traballo e os resultados da declaración anual.

En canto ao Imposto sobre o Valor Engadido, o crecemento no que vai do ano 2017 sitúase, en termos nominais, nun 7,9% que ascende ao 9% cando a comparación realízase en termos homoxéneos. A razón principal destes incrementos hai que buscala primordialmente no aumento do gasto.

Polo que incumbe aos Impostos Especiais, no seu conxunto o crecemento en termos homoxéneos ascende a un 1,7%, destacando na súa desagregación o comportamento do Imposto sobre Hidrocarburos e do Imposto sobre a Electricidade, ambos na contorna do 3% e con signo contrario está a actuar como freo a caída recadatoria do Imposto sobre os Labores do tabaco que presenta ata agosto unha diminución de practicamente o 3%.

En terceiro lugar, o 28 de abril de 2017, España presentou o seu Programa Nacional de Reformas de 2017 e o 29 de abril de 2017 o seu Programa de Estabilidade de 2017. España atópase actualmente no compoñente corrector do Pacto de Estabilidade e Crecemento. No seu Programa de Estabilidade de 2017, prevé corrixir o déficit excesivo como moi tarde no 2018. O Programa de Estabilidade contempla que a cociente débeda pública/PIB descenda ata o 98,8 % en 2017, o 97,6 % en 2018 e o 92,5 % en 2020. As hipóteses macroeconómicas do Programa son verosímiles ata 2018 e pasan a ser lixeiramente favorables posteriormente.

Respecto diso, a Comisión efectuou unha análise global da política económica de España e publicouno no informe específico de 2017. Así mesmo, avaliou o Programa de Estabilidade e o Programa Nacional de Reformas, e as medidas adoptadas en aplicación das recomendacións





XUNTA DE GALICIA

dirixidas a España nos anos anteriores e, en conclusión, a Comisión estima verosímil o escenario macroeconómico no que se basean estas previsións orzamentarias no que alcanza a 2018 e algo optimista para despois; este escenario validouse pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF) de España.

Conforme ao establecido no referido programa de estabilidade, o Consello de Política Fiscal e Financeira informou o pasado 27 de xullo favorablemente a proposta de obxectivos de estabilidade orzamentaria e de obxectivos de débeda pública do conxunto das Comunidades Autónomas correspondente ao período 2017-2019, formulada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que se corresponde co devandito plan de estabilidade presentado no marco do semestre europeo e que establece estes obxectivos do conxunto das comunidades autónomas nos seguintes termos: -0,4 no 2018, -0,1 no 2019 e 0,0 no 2020. En consonancia, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o 28 de xullo os obxectivos de estabilidade para o período 2018-2020 nestes mesmos importes.

Á marxe de factores externos e independentes das actuacións doutras administracións, hai que sinalar polo que respecta aos recursos propios non financeiros da comunidade autónoma, tributos propios, prezos e ingresos patrimoniais, que as previsións se estabilizan como consecuencia do comportamento das súas principais figuras tributarias (Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, e Imposto de Sucesións e Doazóns). O aumento da demanda de vivenda, facilitado por unha mellora das condicións crediticias favoreceu a valoración dos activos inmobiliarios, alargando as bases impositivas de ámbolos dous tributos, o que permite absorber parte do impacto das bonificacións fiscais aprobada nestes impostos.

Finalmente, en 2018 hai outro factor que tamén incide positivamente na política orzamentaria prevista. Non debemos esquecer que o xogo dos





XUNTA DE GALICIA

novos mecanismos crediticios, fundamentalmente as facilidades financeiras proporcionadas polo Estado, incide na nosa carga financeira, de maneira que se vai a xerar un aforro nos gastos de xuros a satisfacer pola nosa débeda viva que permitirá destinar máis recursos ao resto das políticas orzamentarias.

Como resultado destas previsións os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018 combinan o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria reforzando o compromiso co gasto social. Respecto diso, a Comunidade Autónoma de Galicia vén desenvolvendo nestes últimos anos un esforzo continuado para garantir a sustentabilidade dos servizos públicos mesmo cando se atopou cun contexto de forte descenso dos ingresos.

Estes orzamentos pretenden manter a alta calidade do noso sistema sanitario e impulsar as reformas que sexan necesarias nas súas infraestruturas e equipamentos para continuar non só garantíndoa senón mellorándoa. A política educativa continuará asentándose sobre a consecución da calidade, a liberdade, a igualdade de oportunidades e o diálogo. Finalmente, as políticas sociais cos máis desfavorecidos e a atención ás persoas dependentes constitúen un compromiso irrenunciable e representan un importante esforzo neste orzamento.

Estes orzamentos enmárcanse no ámbito do plan estratéxico de Galicia 2015-2020 e se orientan, polo tanto, á consecución dun modelo de crecemento económico baseado na innovación e no capital humano, que favoreza unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente, que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e o benestar dos galegos colaborando a retomar a senda do crecemento demográfico.

Hai que reiterar que Galicia se anticipou ao resto de autonomías no establecemento dun marco de disciplina fiscal que permitise alcanzar o obxectivo de estabilidade, e en 2011 aprobou a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina e sustentabilidade orzamentaria, en virtude da cal se



XUNTA DE GALICIA

consolidou legalmente a fixación "a priori" do límite de gasto non financeiro como medida de garantía do cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto dentro do proceso de elaboración orzamentaria.

Ao amparo da aliña un do artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, unha vez determinado o obxectivo de estabilidade orzamentaria da comunidade autónoma, o Consello da Xunta de Galicia acordou o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2018 en 9.487 millóns de euros. O gasto non financeiro recollido nos orzamentos da comunidade autónoma para 2018 axústase ao citado teito de gasto e supera o importe do exercicio anterior en máis de 265 millóns de euros.

II

Na parte dispositiva, a lei estrutúrase en seis títulos, vinte disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias e tres disposicións derradeiras.

A parte esencial da Lei de orzamentos recóllese no título I, relativo á aprobación dos orzamentos e ao réxime das modificacións de crédito, por canto no seu capítulo I, baixo a rúbrica «Aprobación dos créditos e do seu financiamento», se aproban os ingresos e gastos que compoñen os orzamentos da Comunidade Autónoma, integrados polos da Administración xeral, os dos organismos autónomos, os correspondentes ás entidades públicas instrumentais de asesoramento e consulta que para efectos orzamentarios teñen a consideración de organismos autónomos, os das axencias públicas autonómicas, os das entidades públicas empresariais, os dos consorcios autonómicos, os das sociedades mercantís e os das fundacións.

Neste capítulo I defínese o ámbito dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a tipoloxía de entidades públicas instrumentais do sector público autonómico previstas na Lei 16/2010, do 17





XUNTA DE GALICIA

de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Dentro deste capítulo detállanse os beneficios fiscais que afectan ós tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado e sinálase así mesmo o importe das subvencións reguladoras consideradas na normativa de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Finalmente, dentro dos artigos especificamente destinados aos orzamentos das entidades instrumentais autorízanse as dotacións iniciais das subvencións de explotación e de capital ás entidades públicas empresariais e ás sociedades mercantís.

O capítulo II deste título, «Das modificacións orzamentarias», regula os principios e as competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias, as regras de vinculación que afectan os créditos orzamentarios, a determinación dos que teñen natureza de créditos ampliáveis e as limitacións aplicables ás transferencias de créditos.

O título II, relativo aos «Gastos de persoal», estrutúrase en catro capítulos.

O capítulo I, dedicado aos gastos do persoal ao servizo do sector público, consolida no ano 2018 a recuperación dos conceptos retributivos realizada pola Lei 1/2017, de 8 de febreiro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, así como, a consolidación do incremento das retribucións do persoal ao servizo do sector público aprobado pola Lei 3/2017, do 13 de xullo, de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, en aplicación do establecido na Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2017. Así mesmo, en cumprimento do establecido no Acordo e desenvolvemento do Plan de estabilidade do emprego dos servizos públicos, asinado o 18 de outubro do 2017, procederase a aplicación do disposto nas alíneas un, dous, cinco e seis do artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, dos orzamentos xerais do





XUNTA DE GALICIA

Estado para o ano 2017, relativo aos procesos de estabilización de emprego temporal no sector público.

O capítulo II, baixo a rúbrica «Dos réximes retributivos», reflicte a consolidación dos conceptos retributivos minorados pola Lei 12/2015 do 24 de decembro polo que os altos cargos e outro persoal directivo, as persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior, o persoal funcionario, do persoal laboral, o persoal ao servizo das institucións sanitarias e o persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza consolidan os seus conceptos retributivos tal e como existían antes da Lei 12/2015 do 24 de decembro, así como, a consolidación do incremento das retribucións do persoal ao servizo do sector público aprobado pola Lei 3/2017, do 13 de xullo, de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, en aplicación do establecido na Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2017.

Así mesmo, en previsión da aplicación do disposto na Disposición adicional décimo cuarta dotase un fondo retributivo que permita asumir o incremento que no seu caso, se fixe na normativa básica estatal.

O capítulo III, dedicado a outras disposicións en materia de réxime de persoal activo, recolle que para o ano 2018 as relacións de postos de traballo deberán modificarse para axustar ás previsións orzamentarias que se deduzan do anexo de persoal sen que se poida prover aqueles postos para os cales non estea prevista dotación. E no anexo de persoal non poderán existir códigos de liñas orzamentarias que non amparen créditos para dotacións de postos de traballo, substitucións de persoal temporal ou para conceptos retributivos. O resto do capítulo regula os requisitos para a determinación ou modificación de retribucións do persoal laboral e non funcionario, o persoal directivo das entidades instrumentais do sector público da comunidade autónoma, o nomeamento do profesorado interino a





XUNTA DE GALICIA

tempo parcial en centros docentes non universitarios, os profesores de corpos docentes e o persoal eventual e de gabinete.

O capítulo IV, dedicado ás universidades, recolle o límite máximo dos custos de persoal das tres universidades galegas, as retribucións adicionais do persoal ao seu servizo e a autorización de convocatorias para a provisión de persoal laboral fixo en casos excepcionais. No ano 2018 consolídase a recuperación dos conceptos retributivos minorados como consecuencia da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais para a comunidade autónoma de Galicia, así como, a consolidación do incremento das retribucións do persoal ao servizo do sector público aprobado pola Lei 3/2017, do 13 de xullo, de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, en aplicación do establecido na Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2017. A taxa de reposición respectará a normativa básica estatal.

O título III, «Operacións de endebedamento e garantía», estrutúrase en dous capítulos relativos a operacións de crédito e afianzamento por aval.

No primeiro destes capítulos establécese para o ano 2018 a posición neta debedora da Comunidade Autónoma, a cal se incrementará nunha contía máxima equivalente ao 0,4 por cento do PIB rexional, co que se acomoda aos límites establecidos polo Consello de Política Fiscal e Financeira para este exercicio. Tamén se regulan neste capítulo as operacións de débeda de tesouraría, a formalización doutras operacións financeiras e o endebedamento das entidades instrumentais do sector público. Respecto ao endebedamento das entidades instrumentais do sector público contémplase a posibilidade para as execucións de hipotecas de vivendas de promoción pública da adxudicación ou cesión de remate delas a prol do IGVS.

No capítulo II, relativo ao «Afianzamento por aval», en canto ao apoio financeiro aos proxectos empresariais, mantense para o 2018 a contía





XUNTA DE GALICIA

máxima dos avais que pode conceder o Instituto Galego de Promoción Económica, cun importe de 500 millóns de euros.

No título IV, «Xestión orzamentaria», mantéñense os preceptos relativos á intervención limitada, a fiscalización das operacións de endebedamento da comunidade autónoma, a fiscalización dos nomeamentos ou de contratos de substitución do persoal, a identificación dos proxectos de investimento, a autorización do Consello da Xunta para a tramitación de determinados expedientes de gasto, a regulación das transferencias de financiamento, as subvencións nominativas, a concesión directa de axudas e subvencións, a acreditación do cumprimento de obrigas tributarias, o pagamento mensual de axudas e subvencións que se conceden a persoas físicas para financiar estudos de investigación, o informe preceptivo e vinculante da Consellería de Facenda, o cal, sen prexuízo da análise de risco que realice o xestor, determina os efectos sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nos préstamos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, e os expedientes de dotación artística e o módulo económico de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados. No que se establece a posibilidade da aceptación pola Administración autonómica de pagamentos a conta para as retribucións do persoal docente do colectivos de empresa do ensino privado, dende o 1 de xaneiro ata o momento no que asinen as táboas salariais para o 2018.

O título V, dedicado ás corporacións locais, estrutúrase en dous capítulos. O primeiro, dedicado ao financiamento e á cooperación con estas entidades, detalla as transferencias que lles corresponden como consecuencia de convenios e subvencións, así como a participación dos concellos nos tributos da comunidade autónoma a través do Fondo de Cooperación Local.

En relación con este fondo, a lei fixa unha porcentaxe homoxeneizada de participación, desagregándose esta en fondo base, para recoller a mesma contía que se establece no ano 2011, e o fondo adicional, para recoller o incremento debido á maior recadación dos capítulos I, II e III de



XUNTA DE GALICIA

Administración Xeral dende aquel ano ata o 2018. Establécese o sistema de distribución entre a Federación Galega de Municipios e Provincias, en adiante FEGAMP, e os concellos para o fondo base, de maneira que estes recibirán segundo o coeficiente de repartición que lles correspondeu no ano 2011. O fondo adicional repartirase no ano 2018 conforme ao acordo da Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local. Entre os criterios aprobados para o reparto destaca o financiamento dos gastos de mantemento dos centros e saúde de titularidade municipal en cumprimento do pacto local. Ademais no 2018 dótase un fondo complementario con destino exclusivo e finalista aos concellos fusionados.

O capítulo II deste título regula o procedemento de compensación e retención de débedas dos municipios contra os créditos que lles corresponden pola súa participación no Fondo de Cooperación Local de maneira similar ao ano 2017.

No título VI, relativo ás normas tributarias, inclúese un único precepto para establecer os criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental e o canon eólico.

O contido da lei de orzamentos complétase coas disposicións adicionais, transitorias e derradeiras referidas, nas que se recollen preceptos de índole moi variada.

Entre as disposicións adicionais régúlase a información ao Parlamento, as porcentaxes de gastos xerais de estrutura que hai que aplicar nos contratos de obra, a obriga de adecuar os estados financeiros das entidades instrumentais ás transferencias, a autorización de orzamentos en entidades instrumentais de nova creación, o orzamento inicial e os requisitos de creación para as axencias que se poidan constituír neste exercicio, a venda de solo empresarial polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, as prestacións extraordinarias para beneficiarios de pensións e subsidios non contributivos, relativo aos gastos de persoal, a autorización para a





XUNTA DE GALICIA

modificación dos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde, o persoal contratado ao abeiro do Plan nacional de formación e inserción profesional, as medidas en relación co V Convenio colectivo único para o persoal laboral, as normas de especial aplicación en materia de recursos educativos complementarios de ensino público e no suposto de que se recollese nunha disposición un incremento nos módulos estatais para a distribución dos fondos públicos para o sostemento dos centros concertados, na nosa comunidade aplicarase o mesmo incremento.

En canto á disposición relativa ás prestacións familiares por coidados de fillos menores, establece como requisitos para a súa obtención o cumprimento das condicións que dite a Consellería de Política Social. Introdúcese unha nova disposición adicional que regula o dereito a percibir unha axuda económica de 1.200 euros, a razón de 100 euros mensuais, a través da tarxeta benvida para todas as familias que teñan un fillo ou filla ou adopten un neno ou nena menor dun ano no 2018. Para as familias con escasos recursos económicos esta axuda estenderase, coas condicións que estableza a Consellería de Política Social, ata que o fillo cumpra os tres anos de idade.

Para o suposto de que mudasen as condicións retributivas do persoal ao servizo do sector público na normativa estatal básica inclúese unha disposición adicional para a adecuación do réxime e condicións retributivas do persoal ao servizo do sector público autonómico ao establecido nesa normativa. Tamén se establecen as normas para a remisión de información económico–financeiro e o control desta coa finalidade de recoller as obrigas en relación co inventario das entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e, doutra banda, para adaptar as normas sobre a competencia da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia á normativa vixente, en relación coas axencias e consorcios adscritos á comunidade autónoma que deben auditar as súas contas anuais. Neste exercicio se introducen tres disposicións adicionais novas, unha delas establece a xestión extraorxamentaria dos expedientes nos que o Fondo



XUNTA DE GALICIA

Galego de Garantía Agraria exerza unha función de intermediación do Fondo Europeo de Garantía Agrícola, outra créase un fondo de financiamento para desenvolver a xestión do instrumento financeiro creado ao abeiro do acordo de financiamento do instrumento financeiro de préstamo financeiro de pemes Galicia FEDER 2014-2020, e na derradeira disposición adicional se introduce a posibilidade da centralización da Tesourería do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar .

As disposicións transitorias regulan a adecuación das entidades públicas instrumentais e a dotación gradual do Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria que xa se prevían na Lei de orzamentos do 2017.

As tres últimas disposicións derradeiras regulan o desenvolvemento, a vixencia e a entrada en vigor da lei.





XUNTA DE GALICIA

**TÍTULO I: APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS E RÉXIME
DAS MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO**





XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO I

Aprobación dos créditos iniciais e do seu financiamento

Artigo 1. *Aprobación e ámbito dos orzamentos xerais*

O Parlamento de Galicia aproba os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018, nos que se integran:

- a) Os orzamentos da Administración xeral, nos cales se incorporarán os órganos estatutarios e consultivos.
- b) Os orzamentos dos organismos autónomos.
- c) Os orzamentos das entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta, que consonte a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, terán a consideración de organismos autónomos para efectos orzamentarios.
- d) Os orzamentos das axencias públicas autonómicas.
- e) Os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais a que fai referencia o artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
- f) Os orzamentos de explotación e capital dos consorcios autonómicos a que fai referencia o artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
- g) Os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas autonómicas a que fai referencia o artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
- h) Os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico a que fai referencia o artigo 113 da Lei 16/2010, do 17





XUNTA DE GALICIA

de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

i) En todo caso, os orzamentos das demais entidades que estean clasificadas como administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas normas do Sistema europeo de contas, agás as universidades públicas.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 2. Orzamentos da Administración xeral, dos organismos autónomos e das axencias públicas autonómicas

Un. Nos estados de gastos consolidados dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas consígnanse créditos por importe de 10.723.973.161 euros, distribuídos da forma seguinte:

	Cap. I-VII Gastos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX Pasivos financeiros	Total
Administración Xeral	4.843.876.614	97.157.714	1.054.897.925	5.995.932.253
Organismos autónomos	3.906.233.159	17.491.352		3.923.724.511
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	2.028.752			2.028.752
Axencias públicas autonómicas	734.994.523	46.439.455	20.853.667	802.287.645
Total	9.487.133.048	161.088.521	1.075.751.592	10.723.973.161

As transferencias internas entre os orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos organismos autónomos e das axencias públicas representan 4.499.475.307 euros, distribuídos segundo o seguinte detalle:

ORIXE	DESTINO			Total
	Organismos autónomos	Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	Axencias públicas autonómicas	
Administración Xeral	3.734.388.132	2.028.592	741.356.828	4.477.773.552
Organismos autónomos			21.701.755	21.701.755
Total	3.734.388.132	2.028.592	763.058.583	4.499.475.307





XUNTA DE GALICIA

Dous. A desagregación dos créditos consonte a finalidade á que van destinados establécese desta maneira:

Funcións	Importe
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	37.187.998
12 Administración xeral	75.335.547
13 Xustiza	146.115.252
14 Administración local	13.803.228
15 Normalización lingüística	7.623.085
16 Procesos electorais e órganos de representación política e institucións democráticas	2.000.000
21 Protección civil e seguridade	24.962.739
31 Acción social e promoción social	727.290.939
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	245.864.606
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	5.027.160
41 Sanidade	3.858.816.331
42 Educación	2.280.678.923
43 Cultura	69.166.710
44 Deportes	21.946.159
45 Vivenda	69.003.332
46 Outros servizos comunitarios e sociais	105.243.146
51 Infraestruturas	340.796.335
52 Ordenación do territorio	19.184.779
53 Promoción de solo para actividades económicas	23.974.352
54 Actuacións ambientais	124.869.294
55 Actuacións e valorización do medio rural	137.417.031
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	158.260.030
57 Sociedade da información e do coñecemento	102.614.811
58 Información estatística básica	4.415.537
61 Actuacións económicas xerais	31.414.855
62 Actividades financeiras	55.305.639
71 Dinamización económica do medio rural	311.526.200
72 Pesca	99.342.174
73 Industria, enerxía e minaría	46.536.633
74 Desenvolvemento empresarial	149.269.864
75 Comercio	18.241.952
76 Turismo	58.115.071
81 Transferencias a entidades locais	130.479.965
91 Débeda pública	1.222.143.484
Total	10.723.973.161





XUNTA DE GALICIA

Tres. A distribución orgánica e económica do orzamento consolidado é como segue:

Capítulos	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	Total
Parlamento	9.742.586	6.232.045		2.588.893		605.747	1.613	113.515		19.284.399
Consello de Contas	5.547.253	1.039.155		11.705		464.409		36.061		7.098.583
Consello da Cultura Galega	1.530.453	884.422		34.000		98.350				2.547.225
Presidencia da Xunta de Galicia	9.508.106	8.409.711		60.001.393		5.352.240	118.240.941	96.958.138	526.104	298.996.633
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	127.292.376	35.607.588	26.343	54.253.234		48.786.714	15.124.524	50.000		281.140.779
Consellería de Facenda	19.261.791	717.342	3.000	23.936.403		2.210.592	9.013.427			55.142.555
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	28.484.057	4.875.836		4.573.091		31.984.627	47.092.102			117.009.713
Consellería de Infraestructuras e Vivenda	8.424.120	20.399.020		38.623.974		12.343.986	326.126.975			405.918.075
Consellería de Economía, Emprego e Industria	55.719.478	24.015.970		205.051.484		8.987.764	199.437.620			493.212.316
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	1.383.421.194	206.628.515	53.560	641.918.156		65.599.957	93.529.722		1.598.337	2.392.749.441
Consellería de Sanidade	45.794.447	1.934.600		3.473.162.150		22.066.710	121.976.762			3.664.934.669
Consellería de Política Social	127.537.666	195.076.154		358.340.729		5.480.672	12.884.279			699.319.500
Consellería de Medio Rural	131.417.399	7.003.124		13.143.707		104.841.708	237.886.939			494.292.877
Consellería do Mar	30.200.452	2.855.208		3.538.360		36.497.442	82.205.762			155.297.224
Consello Consultivo de Galicia	1.684.791	294.927				101.000				2.080.718
Transferencias a corporacións locais				125.594.165						125.594.165
Débeda pública da Comunidade Autónoma			169.370.000						1.052.773.484	1.222.143.484
Gastos de diversas consellerías	3.183.496	16.332.281		4.885.800	7.125.450	5.416.422				36.943.449
Administración Xeral	1.988.749.665	532.305.898	169.452.903	5.009.657.244	7.125.450	350.838.340	1.263.520.666	97.157.714	1.054.897.925	10.473.705.805





XUNTA DE GALICIA

Continuación

Capítulos	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	Total
Escola Galega de Administración Pública	1.075.468	1.617.076		483.750		134.569				3.310.863
Academia Galega de Seguridade Pública	725.534	2.138.376				28.038				2.891.948
Instituto Galego de Estatística	2.844.311	331.445				1.017.350				4.193.106
Instituto de Estudos do Territorio	2.056.628	78.847		37.975		908.019				3.081.469
Instituto Galego da Vivenda e Solo	8.689.751	4.448.450		7.778.774		33.650.550	21.568.807	16.841.352		92.977.684
Instituto Galego do Consumo e da Competencia	4.759.621	723.191		188.000		621.700	12.000			6.304.512
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	5.205.763	595.972				433.259				6.234.994
Servizo Galego de Saúde	1.645.328.292	1.160.088.740		821.746.856	31.917.175	120.525.093	3.495.000	650.000		3.783.751.156
Fondo Galego de Garantía Agraria	4.295.892	518.378				1.952.000	35.914.264			42.680.534
Organismos autónomos	1.674.981.260	1.170.540.475		830.235.355	31.917.175	159.270.578	60.990.071	17.491.352		3.945.426.266
Consello Económico e Social de Galicia	627.653	129.572		135.673		30.000				922.898
Consello Galego de Relacións Laborais	652.796	400.189		34.200		18.669				1.105.854
Estamos ante uns orzamentos que crecen pero sen atender ás necesidades reais do sector, que está afrontando nos últimos anos unha posición de desventaxa.

Aos problemas derivados do saneamento integral das Rías, que segue sendo unha tarefa pendente, súmanse tamén os que supón a aplicación desigual das normas europeas en materia de pesca fronte a outros territorios e mesmo estados.

Neste escenario, bótanse en falta partidas orzamentarias destinadas a indemnizar ás traballadoras e traballadores do sector, por causas alleas ao mesmo, que poñen en perigo a continuidade en moitos casos, do sector. Exemplos hai moitos...

O pasado mes de outubro vivimos o peche da ría de Muros e Noia polos efectos da toxina. Ese peche motivo que 1500 mariscadores á boia e a pé non puidesen levar un mínimo sustento á súa casa.

Esta é unha situación que vén repetindo nas nosas rías, por exemplo na ría do burgo na Coruña; nesta ría debido a súa dramática situación se aprobou a Resolución de 11 de setembro de 2017, da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, pola que se formula declaración de impacto ambiental do proxecto



Dragado Ambiental dos Sedimentos da Ría de O Burgo (A Coruña). Esta resolución aproba indemnización para os mariscadores e mariscadoras da ría pola execución da dragaxe porque lles imposibilita ir a traballar.

É algo que vivimos en todas as rías baixas cando o pasado mes de marzo pecháronse 21 polígonos mexilloeiros e prohibiuse a extracción de molusco en seis das doce zonas bateiras de Vigo, na de Baiona, as oito de Pontevedra e seis de Arousa.

Ou o que vivimos en abril en amplas zonas da costa dá morte onde só salvouse a ría de Corme-Laxe e a contorna de Baldaio, en Carballo. Sen embargo, esas mesmas rías non se salvaron pouco despois e tamén tiveron que pechar ao igual que a de camariñas.

Temos que engadir a iso a lentitude moitas veces da administración, e que os peches se realizan despois das xornadas de traballo o que leva aparexado xa non só a falta de beneficios senón tamén os gastos dos propios mariscadores que na súa gran maioría son autónomos do mar.

O cambio climático converteu en impredecible o marisqueo, e non podemos permitir que esa situación se transforme en angustia para os nosos mariscadores, polo que solicitamos que se cre unha partida destinada a rescatar en caso de peche, e dar seguridade xurídica á xente que traballa e vive do noso mar.

Tamén é escasa ou inexistente, a aposta orzamentaria para a modernización, mellora, potenciación e eficiencia das artes tradicionais que permitan a estas, de acordo coas directrices da UE, dar o paso e gañar o peso necesario dentro do modo de explotación dos nosos recursos mariños.

Son uns orzamentos que non contemplan un escenario que se está dando no referente ao Brexit e o futuro da frota e profesionais afectados polo mesmo.



Por todo isto rexeitamos os orzamentos da Consellería do Mar e solicitamos a súa devolución.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 16:40:31

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, ente público **Portos De Galicia** sección 14, **dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018**, atendendo ás seguintes razóns:

Estes orzamentos teñen unha clara aposta pola ampliación de infraestruturas e a atracción de novo tráfico de mercadorías cun incremento de ata un 21% nas partidas destinadas a tal fin. Cremos que isto é necesario, pero da man da cooperación e creación de sinerxias entre os distintos portos: unha cooperación e ordenación dos servizos lóxica. Consideramos necesaria a creación dun estudo previo a fin de optimizar as infraestruturas e sobre todo o roles que cada porto debe asumir. Entendemos que existe un alto risco de competencia contraproducente entre Portos que deberían colaborar buscando sinerxias e optimización dos recursos.

Botamos en falta a previsión de fondos nestes Orzamentos para obras e mantemento enfocado á prevención de futuros danos a maiores para o exercicio de 2018.

Varias das obras enumeradas no orzamento para executar no 2018, xa estaban nos orzamentos de outros exercicios. Posiblemente o propio clima impida o desenvolvemento de moitas delas, como xa aconteceu no pasado, polo que ese incremento nun 57% na partida destinada a reparación e mellora das instalacións portuarias non poida ser executado na súa totalidade.

Está recoñecida a merma económica que os estragos dos temporais, ou a falta de adecuación dalgunha infraestrutura, ven xerando aos traballadores do



sector. Paliativamente debería contemplarse nos orzamentos este tipo de cuestións a futuro.

A Lei de Portos de Galicia posiblemente ten moito que ver con estes orzamentos, nos que se está a tratar de dotar de facilidades aos diferentes Portos para facelos mais atractivos para os inversores. Creemos na necesidade de mellora, pero poñendo por diante a prestación pública de servizos fronte á atracción de empresas privadas.

No referido ás redes de servizos (sumistración de electricidade) deberíase orzamentar adecuadamente para desenvolver solucións ao “cool ironing”, imprescindible para minimizar o impacto da contaminación acústica, ambiental e sonora nos núcleos urbanos de moitos portos do país. A solución non pasa por crear instalacións e xeradores baseados no GNL para xerar electricidade para os buques nas instalacións portuarias. Debe buscarse o modo de que isto non proveña de enerxías fósiles e contaminantes.

Por último unha vez mais os orzamentos esquecen as inversións necesarias para atender ao sector pesqueiro artesanal do país, fortemente discriminado en canto a atención das necesidades destes profesionais con respecto a outros sectores de frota, sobre todo a deportiva.

Por todo o exposto solicitamos a devolución do orzamentos de Portos de Galicia.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:23:34

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, do ente público Instituto Tecnolóxico para o control do Medio Mariño INTECMAR (sección 14) , dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018, polas seguintes razóns:

O sector do Mar en Galicia é hoxe un elemento fundamental na conformación da riqueza do noso país, por iso a necesidade de dotarse de ferramentas útiles para garantir a calidade dos nosos produtos do mar e analizar e mellorar a situación das nosas Augas debe ser un obxectivo fundamental de calquera goberno responsable.

Dende en Marea botamos en falta, unha aposta polo desenvolvemento deste prestixiado instituto, mediante os incrementos orzamentarios necesarios que permitan investigar mais e mellor sobre a situación das mareas vermellas, coñecer mellor as súas causas e mellorar as predicións anticipandonos mellor as súas consecuencias.

Compre establecer mais liñas de investigación sobre os parásitos que afectan os nosos produtos marisqueiros, e recoñecer as causas e as solucións, mellorar polo tanto a produción científica e a colaboración con institutos similares en calquera parte do mundo, isto hoxe con este orzamento non é posible.

Por todo isto solicitamos a devolución do orzamento do INTECMAR.



Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:42:17

Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade do **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018**, relativa á **Sección 14, Consellería do Mar e Portos de Galicia** con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 14 – Mar e Portos de Galicia.

O proxecto de orzamentos resulta decepcionante e continuísta, sen contar ademais ca mínima transparencia exigible en canto á información dispoñible. Para acadar os obxectivos establecidos na Memoria non se dotan as partidas orzamentarias suficientes, o que pon de manifesto a falta de vontade política do Goberno galego de cara a afrontar os novos retos aos que se enfronta o sector pesqueiro, tanto para adaptarse ás esixencias do contexto internacional como para converter un dos sectores máis importantes da economía galega en estable e competitivo, que xere emprego, mellore a situación e as condicións das xentes do mar. Polo que se bota en falta unha maior implicación política de cara a defender os intereses dun sector con tanto peso económico en España, en Galicia e en Europa.

Igualmente o proxecto de orzamentos constitúen unha invitación por parte da Xunta de Galicia a abandonar o sector da pesca e do marisqueo, reducindo partidas orzamentarias que teñen por obxecto a seguridade, formación, calidade dos produtos e axuda a pescadores mozos e mozas.

En canto a I+D+i, destinan unicamente un 3 % do orzamento para acadar o obxectivo no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, de fomentar o sector primario, baseado na innovación e na calidade do produto galego, para fixar a poboación ao medio rural. Tampouco contempla medidas suficientes para a eficiencia enerxética das

Grupo Parlamentario

embarcacións, nin para a mitigación do cambio climático a pesar dos efectos inminentes que está a ter na pesca.

A formación perde peso respecto aos orzamentos totais un ano máis. Diminuíu en 2017 e volve facelo no ano 2018, resultando contraditorio xa que establécese un número de persoas que se beneficiarán do programa, moi superior ao do ano anterior, pero non obstante, non se dotan máis fondos.

Non dan resposta aos problemas actuais do sector marisqueiro, tales como: a necesidade de rexeneración das rías, a dramática situación propiciada pola caída de capturas nos bancos de libre marisqueo. Nin dragados nin sementeiras, nin actuacións contra os depredadores, nin novos estudos que tiren algunha consecuencia sobre as causas de mortalidade dos bivalvos e como actuar contra deles.

Aos motivos de rexeitamento tamén poden ser aplicados en boa medida ás cuestións relativas aos portos galegos, con referencias a realizar novamente as mesmas obras, que se repiten ano tras ano, pero non se avanza cara a outros investimentos importantes que non están recollidos.

Pazo do Parlamento, 08 de novembro de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2017 12:00:11



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:46
Nº Rexistro: 19955
Data envío: 08/11/2017 16:46:02.596

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 14, da Consellería do Mar. Axencias, Entidades e Fundacións Públicas dependentes desta, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018**, polas seguintes razóns:

Estes Orzamentos para o 2018 na parte referida ao mar non contempla políticas destinadas a potenciar un sector primario fundamental para a creación de emprego e o desenvolvemento económico en Galiza, senón que persiste en destinar o maior volume de recursos á acuicultura, con partidas que suman máis de 35 millóns de euros, ou a infraestruturas improdutivas, relegando á pesca e ao marisqueo a un lugar residual.

A situación de crise que está a padecer Galiza, debería levar a que a prioridade dos orzamentos do entes dependentes da consellaría coma Portos de Galiza foran a infraestruturas, a dotacións que facilitaran, apoiaran a actividade produtiva do mar, que contribuíran a mellorar a capacidade de xerar emprego, cousa que non acontece con este proxecto de orzamentos onde esas prioridades non se ven reflectidas.

Estes priman os intereses do gran capital, dunha elite económica, en detrimento das xentes do mar. Non só non serven para solucionar os graves problemas que ten o sector, senón que van supor empeorar aínda máis a precaria situación.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:46
Nº Rexistro: 19955
Data envío: 08/11/2017 16:46:02.596

Carecen dun plan de coxestión responsable para as distintas pesqueiras. Non hai un plan galego para producir semente propia, apoiase un modelo asociativo obsoleto e continúa na dirección da atomización do sector.

Non contempla medidas para solventar a caída das rendas das persoas que viven do mar, nin para o relevo xeracional. A situación de indefensión que acaba provocando acoso, cansazo e a conseguinte expulsión da actividade e o despezamento tampouco se enfronta nestes orzamentos.

Non se adoptan medidas para a recuperación de zonas improdutivas, aumento da produción dos bancos, proxectos de coxestión, etc. Obxectivos imprescindíbeis para enfrontar o drama dos baixos ingresos das mariscadoras e do problemas como a mortalidade do berberecho, as escasas capturas ou un modelo de comercialización obsoleto.

Multiplícanse os fondos para o sector da transformación, sen vinculación co produto autóctono nin con marcas vinculadas a Galiza.

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da Sección 14.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:46
Nº Rexistro: 19955
Data envío: 08/11/2017 16:46:02.596

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2017 09:59:43

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, de devolución, do **Consello Consultivo Sección 20, Servizo 01 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018**, atendendo ás seguintes razóns:

O Consello Consultivo de Galicia esta hoxe nunha situación dramática cando debera ser potenciado na súa función clave para a súa función de fiscalización e información previa.

En primeiro lugar o seu presidente, mentíu en sede parlamentar negando coñecer que estaba a ser investigado na “operación Condor”, para logo acudir apenas 48h despois a declarar ao xulgado por esta situación.

En segundo lugar, pola modificación normativa impugnada polo noso grupo perante o tribunal constitucional que modifica a designación do corpo de letrados, fundamental para a transparencia e imparcialidade que pasan a ser nomeados directamente logo desta modificación, poñendo en cuestión polo tanto a súa necesaria independencia.

E por último pola inaplicación ano tras ano da partida de complemento de produtividade, tamén recollida neste proxecto, decisión xa cualificada por una sentenza do xulgado do contencioso-administrativo, pendente de firmeza, como torpe e inxustificada.

Por todo o exposto solicitamos a devolución do orzamento do **Consello Consultivo**.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017.



Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:40:49

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018**, sen efectos devolutivos, que afecta á contía global dos estados de ingresos e gastos.

O crecemento da economía galega no ano 2017 será do 3,2% e no ano 2018, do 2,5%. Isto implica que o PIB galego situarase no ano 2017 en 59.668 millóns de euros e no ano 2018 en 63.180 millóns de euros, segundo o indicado no proxecto dos Orzamentos 2018, o mais alto da historia de Galicia.

Sen embargo a Xunta de Galicia, escudándose no Teito de Gasto e na Regra do Gasto, está instalada nunha ideoloxía económica que empobrece a unha gran maioría social. O que empezou sendo un axuste debido á forte caída dos ingresos públicos, o recorte e contención do gasto público, estase a converter no eixo central da política económica e orzamentaria da Xunta de Galicia.

Os Orzamentos do ano 2018 supoñen que a porcentaxe do gasto público sobre PIB sitúase no 14,4%, tres puntos inferior ao do ano 2009, o que supón unha redución de mais de 2.000 millóns de euros.

Esta política da Xunta é paralela á realizada polo Goberno Central. A **actualización do Programa de Estabilidade 2017-2020**, enviada polo Goberno Central á Unión Europea, especifica claramente a redución do gasto público na economía. Deste xeito se no 2011, o gasto público sobre PIB representaba o 45,80%, sendo dos mais baixos da UE, as estimacións para o ano 2020, sitúan dito gasto no 39,19%.

En Sanidade o gasto cae do 6,47% ao 5,57%, en Educación pasa do 4,40% ao 3,67% e en Protección Social do 16,86% ao 15,91%.

Todos estes datos veñen a indicar que a austeridade adquire unha nova dimensión. Se nunha primeira fase a austeridade supoñía fortes recortes nominais e reais do gasto públicos, agora, a contención do gasto público, implica que este aumenta en menor medida do que o fan os recursos dispoñibles. Deste xeito, lévase a cabo unha forte redución da redistribución da riqueza e polo tanto promóvese, dende o público, unha maior desigualdade.

Galicia foi unha das primeiras Comunidades en incorporar un teito de gasto ou límite de gasto non financeiro como instrumento de disciplina orzamentaria que persegue evitar que os ingresos extraordinarios se incorporen á estrutura administrativa a través do gasto corrente. A través da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sostenibilidade financeira, regulouse o mesmo no seu artigo 12. *Limite de gasto non financeiro*, sendo proposto polo Consello da Xunta, unha vez aprobado o obxectivo de estabilidade polo Goberno central, e remitíndose ao Parlamento para a súa aprobación, acompañándose dun informe de estratexia financeiro-fiscal.

Segundo a propia exposición de motivos da Lei, a razón de ser deste mecanismo ex ante á elaboración dos orzamentos consiste en establecela referencia para a determinación ex post dos ingresos extraordinarios que integran o superávit que haberá de destinarse necesariamente á redución da débeda –do endebedamento neto–.

Posteriormente, a obrigatoriedade da fixación deste teito de gasto foi incluída con carácter de lexislación básica para o conxunto das Administracións públicas, no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Porén o anterior, **cabe sinalar que este límite de gasto non se aplicará aos gastos financiados con anticipos ou novos fondos do sistema de financiamento, fondos finalistas procedentes doutras Administracións públicas, fondos procedentes do Estado que financien novas transferencias de competencias, nin aos que se poidan financiar con novas figuras tributarias ou deriven de acordos específicos adoptados no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira.**

A regulamentación do teito de gasto da Lei galega que permite a non aplicación do mesmo –isto é o seu rebasamento– para os gastos financiados con novas figuras tributarias, é coherente coa aplicación da regra de gasto establecida no artigo 12 da Lei Orgánica de estabilidade estatal que no seu punto 4. sinala que:

“Cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente”

Deste xeito, ábrese a porta a que ao establecemento de novas figuras tributarias dentro do espazo fiscal propio das CCAA ou o incremento permanente da presión fiscal vía a modificación sobre as existentes, **que permita a recuperación e asegurar un nivel ingresos suficiente para a reversión dos recortes de gasto.**

Porén o anterior, o Goberno da Xunta aproveita a súa capacidade normativa para propor unha rebaixa impositiva, en lugar de apuntalar o sistema de recursos tributarios.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, **PROPÓN a seguinte emenda de totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, que afecta á contía global dos estados de ingresos e gastos, e que transfere créditos entre seccións nos seguintes termos:**

Primeiro.- O incremento do teito de gasto non financeiro dos Orzamentos Xerais de Galicia 2018, fixado polo Parlamento, **en 500 millóns de euros**, amparado na utilización das marxes legais que confiren tanto a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sostenibilidade financeira, coma a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, en relación ao seu financiamento a través do incremento de ingresos non financeiros de carácter permanente.

Unha proposta articulada a través de catro eixos:

- a) Un incremento dos recursos procedentes do Estado, actuando sobre o modelo de financiamentos autonómico e os seus instrumentos para o reequilibrio territorial
- b) Un paquete de medidas fiscais co obxectivo de incrementar a recadación, actuando sobre os tipos das figuras tributarias que xa existen e creando outras novas.
- c) Unha minoración selectiva e ponderada do actual nivel de beneficios
- d) Reforzamento do Plan de Inspección e de Loita contra o Fraude Fiscal

Estes catro eixos estratéxicos, que teñen como obxectivo incrementar de forma permanente os ingresos da Xunta de Galicia en 500 millóns de euros, son desenvolvidos da seguinte forma:

1. Un incremento dos recursos procedentes do Estado, actuando sobre o modelo de financiamentos autonómico e os seus instrumentos para o reequilibrio territorial.

1.1 A Compoñente fundamental dos ingresos públicos autonómicos, ten que ver coas **previsións de ingresos que derivan do modelo de financiamento autonómico.**

Os Orzamentos do ano 2018, recollen unhas previsións de ingresos que non gardan moita coherencia co indicado na Memoria I do proxecto de Orzamentos 2018. En dita Memoria sinálase que a evolución na recadación das principais figuras tributarias “só cabe cualificalo de excelente”. Deste xeito, indícase que o IRPF incrementa a súa recadación con respecto ao ano 2016 ao redor dun 7%, mentres que o principal imposto indirecto, o IVE, increméntase nun 9%. Sen embargo os Orzamentos 2018 constrúense baixo unha estimación de ingresos directos que supoñen una redución de 60 millóns de euros con respecto ao ano 2017, mentres que os impostos indirectos soamente crecen en 132 millóns, isto é, un 4%.

Nos Orzamentos do ano 2017, as previsións realizadas dos ingresos derivados do financiamento autonómico foron considerablemente mais baixas dos ingresos reais acadados finalmente, dándolle a razón ao grupo Parlamentario de En Marea, que defendeu dende un principio que as previsións estimadas eran erróneas. Como consecuencia disto, a Xunta de Galicia tivo que levar a cabo una modificación orzamentaria no mes de xullo de 228 millóns de euros.

Obsérvase que anualmente prodúcese un erro reiterado na estimación dos ingresos, e polo tanto, da contía dos anticipos a conta que recibe a Xunta de Galicia. O exemplo observámolo na liquidación dos exercicios do ano 2015 e do ano 2016, que supuxeron unha liquidación a favor de Galicia, correspondentes os ingresos vinculados ao sistema de financiamento autonómico, de 368 millóns de euros e 442 millóns de euros respectivamente. Deste fenómeno, cabe deducir que é realizada unha estimación á baixa de forma premeditada que serve de argumento para o recorte do gasto público.

Deste xeito, mentres non se leve a cabo a modificación do sistema conforme o indicado no informe da Comisión de Expertos, é preciso

realizar unha estimación rigorosa dos ingresos e anticipos a conta para evitar a distorsión que os erros de cálculo provoca.

Ante isto resulta fundamental **unha estimación rigorosa dos ingresos derivados do modelo de financiamento autonómico** que teña en conta as previsións de crecemento económico e, polo tanto, das bases impositivas das diferentes figuras tributarias corrixindo as desviacións entre as previsións e a recadación final efectiva dos últimos anos que se materializa en liquidacións positivas sobre os ingresos a conta moi significativas.

1.2 Por outra banda cómpre levar a cabo unha revisión e modificación do **Fondo de Compensación Interterritorial**, que resulta un instrumento clave do equilibrio territorial. Sen embargo, tal ferramenta foi descapitalizándose ano tras ano, ata acadar para os Orzamentos 2018 o seu mínimo histórico de 42,5 millóns de euros. Tal contía é insuficiente e para acadar o seu obxectivo de reequilibrio territorial e debe volver, cando menos, **ao nivel do ano 2009 en termos reais**.

A necesidade de incrementar substancialmente os recursos do FCI, é demandada por diferentes institucións económicas. O RIFDE, ven de publicar un informa no cal se indica á necesidade de que o FCI adquira un volume que supoña o 1% do gasto non financeiro do Estado, o que supón uns recursos de 3.049 millóns de euros. Este feito implicaría que Galicia, pasase a contar cuns recursos procedentes do FCI de 317,4 millóns de euros.

A posta en práctica da revisión dos ingresos procedentes do modelo de financiamento autonómico e do FCI, daría lugar aos seguintes incrementos nas previsións iniciais de ingresos dos Orzamentos Xerais de Galicia para o ano 2018 de acordo co seguinte desglose por partidas orzamentarias de ingresos.

MEDIDA	CONCEPTO	CONTÍA	DENOMINACIÓN
1.1	400	250.000.000	Participación modelo de financiamento
1.2	700	50.000.000	Fondo de Compensación Interterritorial
TOTAL		300.000.000	

2. Un paquete de medidas fiscais co obxectivo de incrementar a recadación, actuando sobre os tipos das figuras tributarias que xa existen e creando outras novas.

Galicia é na actualidade, unha das Comunidades Autónomas cun dos sistemas fiscais menos progresivos de todo o Estado. A Xunta de Galicia reivindica constantemente a baixada de impostos, pero esta beneficia principalmente ás rendas mais altas, como demostra principalmente a escala de gravame do IRPF autonómico. Certo é que a Xunta aumentou o mínimo exento, pero non levou a cabo ningunha reforma para as rendas mais altas existentes.

Mais por outra banda, o modelo de financiamento autonómico, outórganos tamén a capacidade de introducir tributos propios da Comunidade Autónoma.

O paquete de medidas fiscais que se propón para a súa incorporación aos Orzamentos Xerais de Galicia 2018, intégrase polos seguintes elementos:

2.1 Incremento dos tipos impositivos nos tramos mais altos da tarifa autonómica do **I.R.P.F.**

2.2 **Mantemento do Imposto de Patrimonio** con carácter permanente, con elevación da actual escala de gravame dos tipos impositivos.

2.3 Incremento do tipo de gravame do **Imposto sobre o dano Medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada.**

2.4 Implantación do **Imposto Autonómico sobre as Grandes Superficies Comerciais.**

2.5 Implantación dun **Imposto Autonómico sobre Bebidas de Alto Contido en Azucres.**

2.6 Implantación dun **Imposto Autonómico sobre os Pisos Baleiros aos Grandes Propietarios.**

2.7 En relación coa participación no **Imposto sobre os Depósitos nas Entidades de Crédito, considérase que a estimación da recadación debería incrementarse polo menos nun volume de recursos adicionais de 10 millóns de euros.**

A adopción das anteriores medidas do paquete do paquete fiscal proposto, darían lugar aos seguintes incrementos nas previsións iniciais do estado de ingresos dos Orzamentos Xerais de Galicia para o ano 2018, de acordo co seguinte desglose por partidas orzamentarias.

MEDIDA	CONCEPTO	CONTÍA	DENOMINACIÓN
2.1		20.000.000	IRPF, incremento da tarifa autonómica nos tramos superiores
2.2		20.000.000	Imposto de Patrimonio
2.3		52.000.000	Imposto sobre Dano Ambiental Auga Acorada
2.4		4.000.000	Imposto sobre Grandes Superficies Comerciais
2.5		500.000	Imposto Bebidas Alto Contido en Azucres
2.6		1.500.000	Imposto sobre Pisos Baleiros Grandes Propietarios
2.7		10.000.000	Imposto sobre Depósitos Entidades de Crédito
	Total	108.000.000	

3. Unha minoración selectiva e ponderada do actual nivel de beneficios

Este feble marco fiscal que presenta Galicia, vese agravada pola política de beneficios fiscais que leva a cabo a Xunta de Galicia, o que fai debilitar aínda mais os recursos públicos da Administración Autonómica.

Nos orzamentos do 2014, 2015, 2016 e 2017, a Xunta de Galicia realiza unhas previsións onde se cuantifican tales bonificacións fiscais. Así, estas acadan os 310,2 millóns no 2014, 312,4 millóns no 2014, 363,8 millóns no 2016 e 553,4 millóns no 2017. De forma mais detallada, sinálanse as deducións previstas nos orzamentos por figuras tributarias na seguinte táboa.

	2014	2015	2016	2017	2018
IRPF	19.125.000	21.373.000	28.899.900	24.755.000	23.151.000
IP	804.000	804.000	804.000	94.514.000	200.000
ISD	88.289.500	76.691.075	117.477.35	144.249.90	142.367.35
			0	0	0
ITP-AXD	15.309.000	20.567.000	30.469.500	103.085.24	44.366.500
				4	
Hidrocarburos	14.717.977	19.078.177	6.483.000	8.745.000	8.975.000
Taxas e prezos	171.958.90	173.985.67	179.757.99	178.087.74	186.079.12
	8	2	4	3	3
Total	310.204.38	312.498.92	363.891.74	553.436.88	405.138.97
	5	4	4	7	3

Fonte: Orzamentos de Galicia. Euros.

Nos Orzamentos que presenta a Xunta para o ano 2018, os beneficios fiscais supoñen un total de 405 millóns de euros, supoñendo o 15% do total dos ingresos derivados de tales figuras tributarias. Ante isto, cómpre unha minoración selectiva e ponderada sen afectación do principio de equidade e redistribución do actual nivel de beneficios fiscais previstas nos Orzamentos do ano 2018.

Unha revisión dos beneficios fiscais, daría lugar aos seguintes incrementos nas previsións iniciais do estado de ingresos dos Orzamentos Xerais de Galicia para o ano 2018, de acordo co seguinte desglose por partidas orzamentarias de ingresos.

MEDIDA	CONCEPTO	CONTÍA	DENOMINACIÓN
3.1	100	5.000.000	
	110	73.000.000	Incremento Minoración Selectiva
	200	1.000.000	Beneficios Fiscais
	201	1.000.000	
	Total	80.000.000	

4. Reforzamento do Plan de Inspección e de Loita contra o Fraude Fiscal

España en xeral e Galicia en particular, presentan un grave problema de fraude fiscal. Segundo o Sindicato de Técnicos do Ministerio de Facenda (GESTHA), dito fraude cústalle ás arcas do Estado un volume aproximado de 40.000 millóns de euros anuais.

Ante isto, resulta fundamental a execución dun Plan de Inspección e de Loita contra o fraude fiscal, que faga reducir considerablemente o volume de recursos fiscais que perde a Administración Pública debido as accións fraudulentas.

Un plan contra o fraude, daría lugar aos seguintes incrementos nas previsións iniciais do estado de ingresos dos Orzamentos Xerais de Galicia para o ano 2018.

MEDIDA	CONCEPTO	CONTÍA	DENOMINACIÓN
4.1	110	4.000.000	
	111	2.000.000	Incrementos derivados
	200	3.000.000	reforzamento Plan de Inspección
	201	3.000.000	e Loita contra o Fraude Fiscal
	Total	12.000.000	

Así pois, a adopción das medidas descritas anteriormente, isto é, a actuación sobre o modelo de financiamento autonómico, o paquete de medidas fiscais, unha revisión dos beneficios fiscais e o plan de loita contra o fraude fiscal, permitirán o achegamento ás arcas da Facenda galega dun volume adicional de recursos de **500 millóns de euros**.

CADRO RESUMO EIXOS ACHEGA ADICIONAL DE RECURSOS

EIXO	CONCEPTO	CUANTÍA
1	Participación Modelo de Financiamento e Fondo compensación Territorial	300.000.000
2	Paquete de Medidas Fiscais	108.000.000
3	Minoración Selectiva beneficios fiscais rendas Altas	80.000.000
4	Plan de Inspección e loita contra fraude Fiscal	12.000.00
TOTAL		500.000.000

Segundo.- Reasignación das prioridades de Gasto Público

Xunto co anterior, propóñense as seguintes variacións (**Baixas**) das distintas seccións do Orzamento por un importe global de **268.523.848euros**, que supoñen unha **reasignación das prioridades do gasto público** sen alteración do montante global dos Orzamentos:

<i>Minoracións, Baixas das seguintes Partidas de gato contidas no anteproxecto de Orzamentos 2018</i>				
<i>#Sección, Servizo, Programa, Capítulo, Concepto ->Importe#</i>				
08	1	511A	640	312.210
08	2	512A	100	5.630
08	2	512A	6400	1.812.311
08	A1	512B	6001	26.088.000
08	A1	512B	6004	24.000.000
04	10	571A	73200	25.400.000
04	A2	761A	44111	1.850.000
04	A2	761A	6400	5.915.000
04	A2	761A	6700	360.000
06	A1	611A	6400	1.863.000
10	20	432B	4315	5.430.052
10	20	432B	4321	257.294
10	20	432B	74315	3.662.937
10	60	422A	132	15.672.030

10	60	422M	132	5.883.841
12	01	312A	4801	73.923.251
09	41	322A	22706	5.000.000
09	30	751A	7701	1.150.000
07	3	541D	640	1.000.0000
05	28	121A	100	28.189
23	01	621A	202	1.800.000
11	80	412A	500	15.000.000
04	A1	571A	22706	188.000
15	01	412A	Capeláns	674.557
04	10	11aA	1100	87.604
04	11	111A	100	5.630
04	20	461A	1100	50.712
04	21	461A	100	5.630
04	30	312C	100	5.630
04	40	441A	100	5.630
04	40	441A	1100	7.760
05	11	311A	100	5.630
05	11	311A	1100	6.480
05	12	121B	100	5.630
05	22	131A	100	5.630
05	21	121A	100	12.000

05	21	121A	1100	37.500
05	23	141A	100	5.630
05	24	121C	100	5.630
04	A1	571A	216	500.000
04	A1	571A	100	5.630
05	25	212A	100	5.630
05	26	111E	100	10.400
05	26	331A	100	5.630
05	27	122A	100	5.630
05	28	121A	110	32.200
07	01	541A	100	12.000
07	01	541A	110	25.700
06	02	621A	100	5.630
06	03	612A	100	5.630
12	05	313A	640	100.000
11	80	41A	6214	1.500.000
12	01	311A	632	150.000
08	02	312A	100	5.630
08	03	511A	100	5.400
11	80	412 ^a	500	1.917.000
10	60	422A	482	23.730.000
09	30	751A	100	5.300

09	40	324A	100	5.630
10	60	151A	100	5.630
04	A1	571ª	626	3.900.000
10	21	433A	100	5.630
10	20	432A	100	5.630
06	A1	611A	6400	1.827.000
04	A2	761a	6400	2.000.000
09	41	323A	100	5.630
10	60	421A	100	28.900
10	62	421A	110	47.000
09	A3	561A	8800	2.000.000
04	A1	571A	7700	1.150.000
09	A1	741A	7708	1.346.000
04	20	461A	100	5.630
04	20	461A	110	50.700
11	01	411A	100	12.000
11	01	411A	110	25.700
11	02	413A	100	5.630
06	01	611A	100	17.700
06	01	611A	110	25.700
08	01	511A	100	12.000
08	01	511A	110	25.700

12	01	311A	100	12.000
12	01	311A	110	25.700
10	60	421A	100	28.900
10	60	421A	110	47.000
09	A1	741A	7708	1.346.000
TOTAL				268.523.848

Terceiro.-

Como Resultante dos puntos, xeración de recursos adicionais de carácter non financeiro e permanente (Primeiro) e incremento de partidas financiadas coas minoracións recollidas na táboa anterior (Segundo) , **propoñemos as seguintes partidas de incremento do que damos en chamar inversión social :**

<i>Variacións por incremento das seguintes partidas de Gasto (inversión Social</i>					
<i>Total (768.523.848euros)</i>					
<i>#Servizo, Sección, Programa, Capítulo, Concepto->Importe#</i>					
Cooperación (2.600.000€)					
05	26	331A	1	Contratación de Persoal	265.000
05	26	331A	4810	Axudas en materia de cooperación ao Desenvolvemento, institucións sen fin de lucro	550.000
05	26	331A	4900	Cooperación no Exterior	1.410.000
05	26	331A	4812	Fondo Galego cooperación e solidariedade	45.000
05	26	331A	7900	Axudas cooperación no Exterior	330.000

Loita contra a Pobreza e Exclusión Social (169.750.000)					
12	01	311A	6221	Plan como na Casa (residencias Santiago, Vigo, A Coruña, Caranza Ferrol, Ourense, Pontevedra e Lugo)	14.000.000
12	01	311A	6222	Case de Familia e Centro integral de día para menores Santiago	1.000.000
12	01	311A	6223	Centro de día Rianxo	250.000
12	01	311A	6223	Centro de día Teo	1.000.000
12	01	311	6221	Incremento recursos CAPD Ourense	1.000.000
12	01	311	6224	Recuperación xestión pública CAPD Souto de Leixa, Ferrol	500.000
12	01	311	6221	Reformas CAPD A Coruña	500.000
12	01	311	6221	Centro residencial atención diversidade Funcional A Estrada	1.000.000
12	01	311	6225	Plan incremento prazas públicas residencias maiores no Rural (O Courel, Os Ancares, Terra Chá, A Limia)	2.500.000
12	01	311	6221	Reformas residencia Oleiros	500.000

12	01	311	6226	Uso público sociosanitario Xeral Cies Centro de día	750.000
12	01	311	6226	Uso Público sociosanitario Rebullón (Mos) centro de día	1.000.000
12	03	312A	4806	Plan de Transición cara Renda Social Galega partindo desenvolvemento decreto da RISGA	100.000.000
12	01	311A	4805	Incremento fondo Extraordinario pensións non contributivas	5.000.000
12	01	311A	4601	Plan equipos apoio multidisciplinar para inclusión sociolaboral oficinas inclusión social	5.000.000
12	01	311A	4806	Estratexia Galega atención persoas sen Fogar	10.000.000
12	01	311	4807	Plan contra a pobreza enerxética, melloras eficiencia enerxética illamento	10.000.000
12	04	312E	4601	Incremento rede Galega atención Temperá	2.500.000
12	04	312E	4811	Desenvolvemento Sistema Galego de Asistencia Persoal	6.000.000
12	04	312E	7602	Plan eliminación barreiras	1.750.000

				arquitectónicas	
12	04	312E	13	Incorporación novo persoal equipos valoración Discapacidade	2.000.000
12	02	312B	44317	Incremento fondos Fundación Galega Impulso da Autonomía Persoal	250.000
12	02	312B	4802	Plan Piloto familias acolledoras menores	1.000.000
12	02	312B	60	Construcción Escolas Infantís Cidades , vilas do Rural	10.000.000
12	04	312D	4600	Incremento Axuda no Fogar	5.000.000
12	04	312	442	Incremento capacidade plan concertado inclusión novo persoal	4.500.000
Plan Mellora e Garantía Sanidade Pública Universal (114.500.000€)					
11	80	412B	122	Reposición Cadros de Persoal.	5.000.000
11	80	412A	112	Reposición Cadros de Persoal	3.000.000
11	80	412B	628	Plan Saúde Bucodental (ampliación de coberturas)	1.000.000
11	80	412B	628	Plan Galego Saúde Mental	3.000.000
11	80	412B	6405	Plan Piloto Enfermería Escolar	1.000.000

11	02	411A	6401	Plan Creación Programa Sanitario Público I+D+i	6.000.000
11	80	412B	628	Plan Saúde Mullere Afectivo-Sexual	2.000.000
02	10	413A	4600	Programa Drogodependencia, Convenio FEGAMP	1.000.000
11	80	413A	481	Prevención VIH e prevención tto. Drogodependencias, colectivos	200.000
11	80	412A	6201	Reversión ao público Novo Hospital de Vigo	25.000.000
11	80	412A	6210	Centro Alta Resolución Concello de Moaña	2.000.000
11	80	412A	6210	Centro Alta Resolución Concello de Lalín	2.000.000
11	80	412A	6211	Melloras , equipamentos Hospital do Salnés	1.000.000
11	80	412	6211	Plan Director Hospital A Costa (Burela)	400.000
11	80	412	6211	Pontevedra, Ampliación H. Montecelo	10.000.000
11	80	412	6211	Reforma Hospital do Barbanza	1.200.000

11	80	412	6211	Reforma CHUS traslado servizo H. Gil Casares e aparcadoiro	3.500.000
11	80	412	6211	Melloras Hospital de Cee	1.000.000
11	80	412	6211	Plan Director Arquitecto Marcide Ferrol	5.000.000
11	80	412A	6211	Melloras Hospital Naval Ferrol	5.000.000
11	80	412A	6211	Melloras Hospital de Verín	1.000.000
11	80	412A	6211	Melloras Hospital Monforte de Lemos	1.000.000
11	80	412A	6211	Plan Director CHUAC	2.000.000
11	80	412B	6210	CS Conxo (Santiago de Compostela)	2.000.000
11	80	412B	6210	Novo Barrio Residencia-Centro Integral Primaria Lugo	1.000.000
11	80	412B	6210	CS Bouzas (Vigo)	1.500.000
11	80	412B	6210	CS O Vinteún (Ourense)	3.000.000
11	80	412B	6210	Reformas CS Ribadavia	500.000
11	80	412B	6210	CS Aldán-O Hío (Cangas do Morrazo)	1.500.000
11	80	412B	6210	Novo CS A Illa de Arousa	1.500.000

11	80	412B	6210	CS Salceda de Caselas	1.500.000
11	80	412B	6210	CS Pereiro de Aguiar	1.000.000
11	80	412B	6210	CS Caldas de Reis	1.000.000
11	80	412B	6210	CS O Saviñao	1.000.000
11	80	412B	6210	Novo CS Vilagarcía de Arousa	1.000.000
11	80	412B	6210	CS O Porriño	1.000.000
11	80	412B	6210	CS Ares	1.000.000
11	80	412B	6210	CS Pontedeva	1.000.000
11	80	412B	6210	CS Milladoiro (Ames)	3.000.000
11	80	412B	6210	CS Melide	1.000.000
11	80	412B	6210	CS Narón	1.000.000
11	80	412B	6210	CS Teo	1.500.000
11	80	412B	6210	CS Cedeira	1.000.000
11	80	412B	6210	CS Somozas	1.000.000
11	80	412B	6210	Novo CS O Grove	1.000.000
11	80	412B	6210	CS A Capela	1.000.000
11	80	412B	6311	Reformas CS Mugardos	200.000
11	80	412B	6311	Melloras e reparacións centros de Saúde	2.000.000

Plan de Emerxencia para o Emprego, eliminación do Precariado (68.000.000)					
9	40	322C	4710	Programa Emprego por conta allea, persoas desempregadas de longa duración e maiores de 45	22.000.000
9	40	322C	4711	Programa especial emprego Feminino e equiparación salarial	16.000.000
9	40	322C	4712	Plan de Emerxencia emprego xente Moza e erradicación do precariado	15.000.000
9	40	322B	4713	Plan loita contra a precariedade Laboral	15.000.000
Plan dinamización do Medio Rural, Rural Vivo (64.000.000)					
13	02	551B	7601	Convenios cuadrillas extinción concellos	10.000.000
13	02	551B	6012	Plan Creación dun servizo único de carácter público de prevención de incendios forestais	18.000.000
13	03	712B	7400	Modificación do Modelo Agrario, recuperación terras improdutivas, redución do terreo forestal en beneficio do agrícola, eliminación SOFOR, recuperación UXFOR e incorporación a actividade de Xente	12.000.000

				Moza	
13	03	712B	7401	Plan Modernización actividade Rural : Autosuficiencia enerxética explotacións, Diversificaicón produtiva, Deslindes e plans de ordenacion s da CMMMCC	8.000.000
13	03	712B	7730	Plan de Choque mellora e recuperación Sector Lácteo	13.000.000
13	03	713E	6042	Plan de Loita contra a vespa Velutina	3.000.000
Plan de Rescate do sector Mariñeiro e Marisqueiro (35.000.000)					
14	03	723A	78001	Axudas supervivencia produtores ante situacións de peche por contaminación ou toxina	4.500.000
14	01	541C	65001	Plan Rescate Sevizo público vixiancia e Salvamento	7.500.000
14	02	723A	7706	Axudas recuperación semilla autóctona no Marisqueso	1.000.000
14	03	723A	7800	Vixiancias Bancos Marisqueiros,	2.000.000
14	02	723A	7801	Inversión sostible e extensiva	6.500.000
14	02	723A	7802	Plan de Acceso a Pesca Mozas e Mozos	1.500.000

14	02	723A	6403	Plan de Visibilización da muller no Sector	2.000.000
14	03	723A	7803	Plan Recuperación Bancos Marisqueiros	5.500.000
14	03	723A	78002	Axudas pesca Artesanal, situación peche pesquerías , plan modernización comercial	2.200.000
14	03	514A	6043	Mellora instalacións Portos Pesqueiros, infraestruturas destinadas as Redeiras	2.300.000
Plan de recuperación medioambiental e revisión do modelo de Xestión de Residuos (41.500.000€)					
07	01	542A	721	Plan mellora da eficiencia canalización auga consumo	5.000.000
07	01	542A	720	Axudas aos Concellos Afectados por Encoros	4.500.000
07	02	541D	6012	Plans Cooperación Comarcal Xestión, redución e valorización de Residuos	5.000.000
07	03	541D	6014	Plan Fomento enerxía Renovables nos entornos de Espazos Protexidos	3.000.000

07	03	541B	6014	Saneamento Intergral das Rías Galegas	15.000.000
07	04	541B	7600	Axudas Natura 2000 e Espazos Naturais	3.000.000
07	03	541B	6120	Plan Nacional de Infraestruturas Verdes	3.000.000
07	03	541E	6403	Estratexia de Educación e concienciación Ambiental	3.000.000
Plan Galego de Garantía Dereito de acceso a Vivenda(26.000.000€)					
08	80	451A	7800	Axudas rehabilitación e reconstrución de vivendas no Rural	2.000.000
08	80	451A	7802	Axudas rehabilitación de vivendas en conxuntos Históricos	1.000.000
08	80	451B	4809	Programa axudas afectados por execucións Hipotecarias	1.500.000
08	80	451B	4803	Bono Alugueiro	1.000.000
08	80	451B	4806	Axudas ao Aluguer, Plan redución despexos impagos aluguer	3.000.000
08	80	451B	48051	Plan prevención e Loita contra os desafiuzamentos	2.500.000

208	80	451B	61702	Creación de Parque de vivenda Pública Autonómica en aluguer	15.000.000
Melloras Mobilidade, infraestruturas e Transporte Público (18.523.848)					
08	0.2	512A	6600	Estudo Viabilidade Rescate Público AP-9	1.500.000
08	A1	512B	6002	AG-590(A Ramallosa - A estrada) Treito I	1.000.000
08	A1	512A	6413	Estudo para a implantación dun Tren de Cercanías en Galicia	2.523.000
08	A1	512B	6004	Variante de Aradas	1.500.000
08	02	512A	6133	Actuacións de mellora paradas e Estacións de Autobuses	1.000.000
08	A1	512B	6001	Circunvalación Cangas	1.500.000
08	02	512A	6700	Plan Galego de Seguridade Viaria	1.000.000
08	02	512A	6104	Actuacións Seguridade Viaria nas Estradas	2.000.000
08	02	512A	6500	Creación Compañía Galega de Transporte Público	2.500.000
08	02	512A	6600	Incremento recursos destinados Intermodais	4.000.848
Plan de Choque contra a Violencia Machista (30.000.000€)					

05	11	313B	4600	Accións de Protección da igualdade e prevención da Violencia machista a desenvolver polas entidades locais	9.000.000
05	11	313B	4801	Plan de Garantía independencia económica, promoción autoemprego feminino	7.000.000
05	11	313B	4812	Recursos Integrais para as mulleres en situación de especial Vulnerabilidade	6.000.000
05	11	313B	4802	Plan de emerxencia para poñer fin aos Feminicidios	8.000.000
<p>Plan de Impulso , Mellora e Recuperación Ensino Público Universal (67.000.0000€)</p>					
10	10	422A	6321	Mellora centros educativos Infantil e Primaria	5.000.000
10	10	122A	6221	Construción Novos Centros Infantil e Primaria	12.000.000
10	10	422M	6321	Construción Novos Centros Educativos Secundaria e F.P	3.000.000
10	10	422M	221072	Plan contras as Carencias	1.500.000

				Alimentarias	
10	10	423A	221071	Programa apertura comedores no verán	1.500.000
10	10	422C	48000	Plan Acceso Universal Universitarios	3.000.000
10	10	423B	6403	Plan Contra o Abandono Escolar	1.000.000
10	10	4211	6401	Plan Formación de Profesorado	1.300.000
10	10	423A	7800	Programa Gratuidade dos libros de Texto	4.000.000
10	10	423B	6405	Programa de Atención a Diversidade	2.000.000
10	50	423B	6406	Plan de ensino en Igualdade	15.700.000
10	50	422I	6402	Formación do profesorado non universitario en temas de igualdade	3.000.000
10	60	422A	120	Ampliación Profesorado Primaria	8.000.000
10	60	422M	120	Ampliación Profesorado Secundaria	6.000.000
Normalización Lingüística (7.500.000€)					
10	30	151A	4701	Subvencións empresas Editoras para proxectos en lingua Galega	1.100.000

10	30	151A	4800	Bolsas especialización en lingua Galega	700.000
10	30	151A	48001	Bolsas investigación persoal do Centro Ramón Piñeiro.	200.000
10	30	151A	6400	Campañas Normalización lingüística	4.000.000
10	30	151A	7405	Convenios medios de comunicación en Galego	1.500.000
Plan Fomento da Cultura para tod@s (25.000.000)					
10	20	432B	7812	Plan cultura en igualdade	3.000.000
10	20	432A	6257	Plan viabilidade dos museos Galegos	2.000.000
10	20	432B	7600	Plan de fomento das actividades culturais nos concellos	3.000.000
10	20	432B	4815	Plan de cultura no rural	3.000.000
10	20	432B	4815	Plan estratéxico da cultura	3.000.000
10	21	433A	6193	Plan de recuperación do patrimonio	6.000.000
10	20	432B	43208	Axencia Galega de Industrias culturais	2.000.000
10	20	432B	4811	Actividade Culturais Asociacións e Federacións Culturais	3.000.000

Estratexia Galega de Turismo Sostible. (5.500.000€)					
04	A2	761A	4600	Promoción e Potenciación turística Corporacións Locais	1.000.000
04	A2	761A	6160	Infraestruturas turísticas e bens de interese publico	1.000.000
04	A2	761A	6160	Sendas e rutas de Galicia	500.000
04	A2	761A	6400	Promoción e difusión do turismo de calidade e maior valor engadido	2.900.000
04	A2	761A	6403	Geres-Xurés Dinámico	100.000
Impulso Comercio de Proximidade dos Produtos Locais e da Soberanía Alimentaria (4.500.000€)					
9	30	715A	6401	Modernización, Emprendemento e Innovación do comercio e as PEMES comerciais	200.000
09	30	751A	6403	Promoción e Comercialización da Artesanía de Galicia	120.000
09	30	751A	4439	Instituto Feiral da Coruña	85.000
- b) Dúas persoas representantes da consellería competente en materia de urbanismo, ordenación do territorio e medio ambiente.
- c) Unha persoa representante da consellería competente en materia de infraestruturas.

A secretaría da Comisión Consultiva corresponderá a unha persoa funcionaria da dirección xeral competente en materia de comercio, que actuará como tal con voz e sen voto.”





XUNTA DE GALICIA

Dous. Engádesse un número 2 ao artigo 75, que queda redactado como segue:

“2. Por razóns de protección do patrimonio cultural, nas rutas dos Camiños de Santiago a venda ambulante só poderá desenvolverse nos tramos urbanos da traza dos devanditos Camiños ou no marco das tipoloxías previstas nas letras a), b) e d) do artigo 71 da presente lei nos tramos non urbanos, debéndose respectar en todo caso o establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.”

Tres. O primeiro parágrafo do artigo 75 numérase como 1.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 25. *Modificación da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias*

A Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, queda modificada como segue:

Un. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 92, que quedan redactados como segue:

“1. As sancións pecuniarias só poderán ser obxecto de redución nos seguintes casos:

a) Cunha redución dun setenta por cento nos supostos de conformidade co contido do acordo de iniciación do expediente sancionador, sempre que este non se inicie a consecuencia de denuncia ou reclamación dunha persoa prexudicada e se xustifique ter rectificado as circunstancias da infracción cometida.

O importe resultante da devandita redución nunca poderá, en ningún caso e baixo ningunha circunstancia, ser inferior ao límite mínimo establecido no artigo 86 para as sancións previstas nel segundo a gravidade da infracción imputada, isto é, para as infraccións leves 150 €, para as infraccións graves 3.001 € e para as infraccións moi graves 15.001 €.

Para poder acollerse á devandita redución, deberá manifestarse a dita conformidade e xustificarse o ingreso da sanción coa dedución ou solicitar o fraccionamento dela no prazo de alegacións ao acordo de iniciación do expediente sancionador. En todo caso, tanto o ingreso da sanción coa dedución como a solicitude de fraccionamento dela no prazo indicado, supoñerá a conformidade co contido do acordo de iniciación. O cumprimento dos requisitos anteriores para acollerse á redución poñerá fin ao procedemento.





XUNTA DE GALICIA

b) No límite mínimo para a sanción prevista para a infracción imputada nos supostos de conformidade co contido do acordo de iniciación de expediente sancionador, sempre que se procedese a satisfacer aos consumidores prexudicados pola infracción e se xustifique ter rectificadas as circunstancias da infracción cometida.

Neste suposto deberá manifestarse a dita conformidade, xustificarse a satisfacción aos prexudicados pola infracción e o ingreso da sanción coa dedución ou solicitar o fraccionamento dela, no prazo dun mes desde a notificación do acordo. En todo caso, tanto o ingreso da sanción coa dedución como a solicitude de fraccionamento dela no prazo indicado supoñerá a conformidade co contido do acordo de iniciación. O cumprimento dos requisitos anteriores para acollerse á redución poñerá fin ao procedemento.

c) Cunha redución dun vinte e cinco por cento nos supostos de conformidade coa resolución sancionadora, caso en que deberá manifestarse a dita conformidade e xustificarse o ingreso da sanción coa redución ou solicitar o fraccionamento dela no prazo dun mes desde a notificación da resolución. O ingreso da sanción coa dedución no prazo indicado supoñerá a conformidade coa resolución sancionadora. O importe resultante desta redución non poderá ser, en ningún caso e baixo ningunha circunstancia, inferior ao límite mínimo establecido no artigo 86 para as sancións previstas nel segundo a gravidade da infracción imputada, isto é, para as infraccións leves 150 €, para as infraccións graves 3.001 € e para as infraccións moi graves 15.001 €.

2. A interposición de recursos administrativos ou ante a xurisdición contencioso-administrativa supoñerá a perda das reducións determinadas no número anterior.”

Dous. Engádese unha disposición adicional sétima coa seguinte redacción:

“Disposición adicional sétima. *Servizos de información e atención das empresas*





XUNTA DE GALICIA

1. De acordo coa sentenza do 2 de marzo de 2017 do Tribunal de Xustiza da Unión

Europea relativa á interpretación do artigo 21 da Directiva 2011/83/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, sobre os dereitos dos consumidores, pola que se modifican a Directiva 93/13/CEE do Consello e a Directiva 1999/44/CE do Parlamento Europeo e do Consello e se derrogan a Directiva 85/577/CEE do Consello e a Directiva 97/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, asunto C568/15, cando o servizo de información e atención ao cliente que as empresas poñen a disposición dos consumidores se proporcione telefonicamente a través dunha liña fixa, deberá prestarse a través dunha liña con rango de numeración xeográfica ou no suposto dunha liña móbil deberá prestarse a través dunha liña con rango de numeración para servizos de comunicacións móbil estándar.

O establecido no parágrafo anterior non impedirá que o servizo de información e atención se poida realizar a través doutros rangos de numeración. Nestes casos deberá garantirse para os consumidores que a utilización destes rangos de numeración sexan totalmente gratuítos ou non supoñan un custo superior ao dunha liña con rango de numeración xeográfica ou con rango de numeración para servizos de comunicacións móbil estándar, segundo os casos. Corresponde á empresa a proba, tanto de forma xenérica para os rangos de numeración aplicados, como para cada chamada recibida concreta, que a numeración aplicada non supón un custo superior ao dunha liña con rango de numeración xeográfica ou dunha liña con rango de numeración para servizos de comunicacións móbil, segundo os casos. No caso de falta de proba por parte da empresa deste extremo, presumirase que o custo é superior aos efectos previstos no número seguinte deste artigo.

2. O incumprimento do establecido no número anterior suporá a comisión da infracción prevista no artigo 82.5 desta lei.

3. O establecido nos números anteriores non será de aplicación cando unha norma esixa que o número de teléfono sexa gratuíto, en cuxo caso será aplicable a dita norma e non poderá supoñer ningún custo para o consumidor por ningún concepto."





XUNTA DE GALICIA

Artigo 26. *Fundacións de carácter feiral de Galicia*

1. Nas fundacións de carácter feiral nas que conorra algunha das circunstancias previstas no número 1 do artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e nas que, sen embargo, non se cumpra o disposto no número 3 do mesmo precepto legal, os membros dos respectivos padroados designados pola Administración autonómica e/ou entidades do sector público autonómico promoverán que se adapte a composición dos ditos padroados de xeito que a designación da maioría dos membros corresponda á Administración pública autonómica. A correspondente modificación estatutaria, de realizarse, deberá axustarse ao previsto no artigo 114 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

2. Transcorrido o prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei sen que se efectuase a modificación estatutaria á que se refire o número anterior, realizaranse as actuacións necesarias de cara á supresión da participación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico no financiamento das ditas fundacións.





XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO IX

Educación

Artigo 27. Convenios celebrados ao abeiro dos plans galegos de financiamento universitario

Atendido o marco temporal dos plans galegos de financiamento universitario, os convenios que se celebren ao abeiro deles poderán ter un prazo de vixencia superior aos catro anos co fin de que o dito prazo de vixencia se axuste ao período de duración de tales plans.





XUNTA DE GALICIA

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS





XUNTA DE GALICIA

Disposición transitoria primeira. *Aplicación da nova duración do permiso por parto, do permiso por adopción ou acollemento e do permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo ao persoal funcionario que estea gozando de tales permisos*

A nova duración do permiso por parto, do permiso por adopción ou acollemento e do permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo será de aplicación a aquel persoal funcionario que estea gozando de tales permisos no momento da entrada en vigor desta lei.





XUNTA DE GALICIA

Disposición transitoria segunda. *Réxime de transmisión de oficinas de farmacias*

1. O réxime de transmisión previsto na nova redacción do número 2 do artigo 23 da Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica, será de aplicación ás novas oficinas de farmacia adxudicadas nos concursos públicos convocados con posterioridade á entrada en vigor desta lei.
2. As oficinas de farmacia adxudicadas con anterioridade quedan sometidas ao réxime de transmisión que lles fora aplicable antes da entrada en vigor desta lei.





XUNTA DE GALICIA

Disposición transitoria terceira. *Esixibilidade das novas obrigas introducidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*

Serán inmediatamente esixibles desde a entrada en vigor desta lei as novas obrigas que a nova redacción dada por esta lei á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, impón ás persoas responsables e, en particular, as que derivan das seguintes disposicións:

- a) Letra c) do número 1 do artigo 21.
- b) Letra a) do número 2 do artigo 21, no que respecta ás vivendas illadas situadas a máis de 400 metros do monte.
- c) Letra b) do número 2 do artigo 21.
- d) Letras a) e b) do número 3 do artigo 21.

Malia o anterior, o incumprimento destas obrigas só será sancionable cando persista transcorridos dous anos desde a entrada en vigor desta lei.





XUNTA DE GALICIA

Disposición transitoria cuarta. *Montes con consorcios ou convenios coa Administración*

1. Os consorcios ou convenios de repoboación coa Administración forestal existentes nos montes no momento da entrada en vigor desta lei serán obxecto de:

a) Cancelación de oficio nun prazo que rematará o 31 de decembro de 2021, nos casos seguintes:

—Montes que non presenten saldo debedor na data de entrada en vigor desta lei ou en calquera momento dentro do prazo máximo estipulado.

—Montes catalogados de dominio público que pasen a xestionarse de acordo co establecido no artigo 34 e seguintes da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

—Montes que non consigan os fins para os cales se subscribise o convenio ou o consorcio por causas relacionadas co estado legal, forestal, administrativo ou económico do monte.

Considerarase que non se cumpriron estes fins, entre outras causas, cando o arborado existente ocupe unha superficie inferior ao 30% da total do consorcio ou convenio, agás por afectación de incendios forestais posteriormente á data de entrada en vigor desta lei, polo que neste caso de afectación de incendios forestais, a superficie arborada queimada considerarase como superficie arborada para os efectos do cómputo desta porcentaxe do 30%.

Para efectos do cómputo dese 30% non se contabilizará o arborado cunha idade inferior aos 5 anos.

b) Finalización nun prazo que rematará o 31 de decembro de 2021, momento en que deberá asinarse un contrato temporal de xestión pública que substitúa ao consorcio ou ao convenio finalizado. No caso de non se formalizar o devandito contrato no prazo establecido, o titular do monte deberá aboar o saldo debedor do convenio ou consorcio finalizado á Comunidade Autónoma, podendo para isto aboalo nun único pagamento ou a través dun plan de devolución plurianual. No caso de non se producir o





XUNTA DE GALICIA

aboamento total ou da cota anual disposta no devandito plan, procederáse á súa anotación preventiva, en concepto de carga real, das cantidades debidas á Comunidade Autónoma de Galicia no correspondente rexistro da propiedade, e non poderán ter axudas ou beneficios de ningún tipo mentres non regularicen a súa situación nos termos previstos nesta lei.

2. O novo contrato de xestión pública, se procede dun convenio ou dun consorcio finalizado, considerará, como primeira partida do anticipo reintegrable de novo contrato, a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Administración forestal e os ingresos do consorcio ou do convenio, aplicando a partir dese momento o réxime previsto para a contabilización.


3. Sen prexuízo do anterior, considerarase liquidado o saldo debedor dos convenios ou consorcios que sexan obxecto de finalización ou de cancelación cando os seus titulares constitúan unha sociedade de fomento forestal ou pasen a formar parte dela.

4. Para os efectos contables, as débedas dos consorcios realizados pola Administración forestal serán condonadas polo importe a que ascendía a devandita conta no momento da clasificación do monte como veciñal en man común.

5. As cancelacións referidas no número 1 desta disposición transitoria publicaranse no “Diario Oficial de Galicia” e na páxina web da consellería competente en materia de montes.

6. Nas cancelacións referidas no número 1 desta disposición transitoria, cando veñan motivadas por non se teren conseguido os fins para os cales se subscribiu o convenio ou o consorcio, e sempre que a causa non sexa atribuíble á persoa titular, considerarase que os predios se atopan libres de cargas, liquidándose o saldo debedor do convenio ou consorcio coa Comunidade Autónoma.


7. Entenderanse extinguidos, sen máis trámite, os convenios e consorcios existentes en superficies que contén cun acordo de concentración parcelaria firme. No caso de que na protocolización da acta de reorganización da propiedade ou na inscrición dos títulos de concentración no rexistro da propiedade conste expresamente que os predios se atopan libres de cargas, o saldo debedor do convenio ou consorcio coa Comunidade Autónoma considerarase liquidado.





XUNTA DE GALICIA

8. Para o cálculo do saldo debedor do convenio ou consorcio non se terán en conta os investimentos e cargos realizados pola Administración forestal con anterioridade ao ano 2005, sen que isto supoña, en ningún caso, a existencia dun saldo favorable ao titular do monte.






XUNTA DE GALICIA

Disposición transitoria quinta. *Proceso electoral das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación de Galicia*


As modificacións da Lei 5/2004, de 8 de xullo, de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia, introducidas nesta Lei serán de aplicación ao actual proceso electoral aberto pola Orde EIC/710/2017, do 26 de xullo, pola que se declara aberto o proceso electoral para a renovación dos Plenos das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España, cuxa convocatoria de eleccións na Comunidade Autónoma de Galicia publicárase con posterioridade á entrada en vigor desta lei.





XUNTA DE GALICIA

DISPOSICIÓN DERROGATORIAS





XUNTA DE GALICIA

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Queda derogado o Decreto 208/2005, do 14 de xullo, sobre xestión e integración ambiental de ocios ocasionados por antigas actividades, con excedentes de terras e rocas procedentes de grandes obras, a disposición transitoria novena da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e o número 2 do artigo 28 da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.

2. Quedan derogadas, así mesmo, as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto na presente lei.





XUNTA DE GALICIA

DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS






XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira primeira. *Modificacións regulamentarias*

As previsións do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, que son obxecto de modificación pola presente lei poderán ser modificadas por norma do rango regulamentario correspondente á norma na que figuran.






XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Habílase ao Consello da Xunta para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da presente lei.





XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2018.

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación das emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do día 13 de novembro de 2017, examina a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas á totalidade ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que rematou ás 18.30 horas do 8 de novembro de 2017 e que foron rexistrados polos grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, que se indican a continuación:

a) Documentos presentados polo G. P. de En Marea:

—Documento co número de rexistro 19935: 1 emenda.

b) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Documento co número de rexistro 19962: 1 emenda.

c) Documentos presentados polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego:

—Documento co número de rexistro 19960: 1 emenda.

A Mesa, de conformidade co disposto no artigo 112.3 do Regulamento da Cámara, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalos como emendas á totalidade de devolución ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

2º. Admitilas a trámite.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 14 de novembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas**, polos seguintes motivos:

Diversos e coherentes pronunciamentos do Consello Económico e Social do Estado inciden nunha doutrina que considera ás leis de acompañamento orzamentario como elementos que favorecen o risco de dispersión dunha normativa á que se lle subtrae coherencia e dificulta a súa comprensión global, co risco eventual de provocar inseguridade xurídica nos intérpretes e aplicadores das normas.

Consideracións críticas que razonaba no noso país o Consello Económico e Social de Galicia, no seu ditame 8/11 sobre o anteproxecto de lei de medias fiscais e administrativas, para sinalar nas súas consideracións xerais unha crítica do seguinte teor:

“(…) inadecuada a técnica legislativa que se traza con este anteproxecto e os problemas que suscita o uso dunha lei que regula unha profusión de materias distintas, provocando inseguridade xurídica ao incrementar a dispersión das normas reguladoras, o que dificulta a súa localización e entendemento por parte das persoas obrigadas por elas. Ao mesmo tempo, dificultáselle a este Consello a realización dunha avaliación global do texto obxecto de Ditame.”

“(…) resaltar que o vencellamento político deste anteproxecto coa lei de orzamentos de Galicia para 2012, obriga ao trámite polo procedemento de urxencia, cando unha parte considerable das disposicións recolidas no mesmo semella non requeri-lo.”

O Consello Xeral do Poder Xudicial advertiu dos riscos desta incorrecta técnica legislativa, en especial no que atinxe á derogación destas leis sobre a normativa vixente.

O Consello de Estado referiu de xeito crítico que “razóns de seguridade xurídica e boa técnica legislativa aconsellan que todas as normas, e moi en especial aquelas que teñan rango de lei nazan no propio seo da materia que é obxecto de regulación, e vivan dentro dela ate que sexan substituídas por outras.”

O Goberno galego fai costume da excepción, e nestes dous últimos anos ten sumido a lexislación de sectores estratéxicos para o país a un galimatías xurídico enorme, provocando confusión interesada para ocultar medidas que favorecen intereses moi minoritarios que se esconden detrás.

Por exemplo no urbanismo, no transporte, no sector forestal, no mineiro téñense feito cambios trascendentes, cando a racionalidade aconsellaría ter feito en última instancia unha revisión das respectivas leis.

Hai ben pouco, nin un mes, aprobábase no Parlamento de Galiza a Lei de Fomento de Iniciativas Empresarias, que escondía cambios profundos no sector mineiro, enerxético, forestal, de Patrimonio ou do alimentario.

O proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas segue nesa liña.

Modifica as seguintes 23 normas legais e decretos :

Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, do texto refundido das disposicións

legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos.

Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial.

Lei 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia.

Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia

Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia

Lei 4/2015 de Mellora de Estructura Agraria de Galicia.

Lei 11/2008, de 3 de decembro, de Pesca de Galicia.

Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica

Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común

Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia

Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias

Decreto 208/2005, do 14 de xullo, sobre xestión e integración ambiental de ocios ocasionados por antigas actividades, con excedentes de terras e rocas procedentes de grandes obras.

Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras

Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria

Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Lei 7/2012 de ,28 de xuño, de montes de Galiza

Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

A continuación relatamos os aspectos que se introducen neste proxecto de lei que nos parecen máis destacables e nos que nos baseamos para concluir a necesidade da devolución de dito proxecto de lei:

- As medidas fiscais propostas que se fundamentan nas deducións nas actividades agraria e forestal pretenden suplir con èsto a falla de políticas nos ámbitos que provocan o abandono e envellecemento da actividade agraria e do rural con datos espectacularmente negativos nos anos nos que vostedes levan gobernando.

Si non se acompañan doutras medidas estruturais como a comercialización, acceso á terra con prezos competitivos, mellora da base territorial tanto no agro coma no forestal, ou a investigación, asesoramento e formación, o fracaso no relevo xeracional e a incorporación de xente moza seguirá sendo a tónica.

O que si poden valer é para que algúns grupos empresariais sexan beneficiados por ditas deducións.

No mesmo senso as deducións por actuacións nos cascos históricos mentras hai un enorme baleiro legal para aplicar políticas de rexeneración e rehabilitación.

A Xunta de Galicia mesmamente ten sen rehabilitar numerosas vivendas da súa

propiedade, e tampouco da exemplo cando a partida para rehabilitación é a que menor execución mostra ano tras ano.

Asimesmo a política de rebaixas fiscais seguida, que non discrimina entre rendas, diminúe a recadación, o que reduce as posibilidades de facer esas políticas necesarias para combatir as eivas estruturais do rural ou das políticas de rehabilitación.

En canto ás medidas administrativas:

Vóltase a modificar a Lei 2/2016 do solo de Galiza, a terceira modificación de facto nos últimos 2 anos o que vai en contra da seguridade xurídica e da simplificación administrativa dispersar a normativa urbanística en numerosos textos legais. Dende a aprobación da Lei do solo de Galicia en febreiro de 2016 foron aparecendo de xeito disperso outras normas legais que incorporan modificacións da Lei do solo ou novas normas de natureza urbanística: a Lei 3/2016, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, a Lei 2/2017, de medidas fiscais e administrativas, ou a Lei de depredación.

Vóltanse a modificar cuestións trascendentes sobre o monte galego menos dun mes despois da aprobación da Lei de Fomento de Iniciativas Empresariais.

Existe, éso si, o recoñecemento implícito de varios dos fracasos dos anos de goberno do Partido Popular.

Despois de 7 anos do portazo sectorio ás UXFOR, e da aposta polas Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR) por parte do PP, están constituídas 5 SOFOR cunha superficie de 500 has, unha cifra ridícula que fala por si mesma.

En cambio o que se propón nesta lei dubidosamente vai a solucionar ésta cuestión, pero sí pode permitir a entrada de empresas que disfrutarán de grandes deducións fiscais para controlar aínda máis o negocio forestal e

mercantilízalo, opoñéndose a un modelo social do monte.

Outro recoñecemento implícito dun fracaso é o referido aos Montes Veciñais en Man Común, xa que neste proxecto de lei contén modificacións.

Pero o sentido das modificacións en troques de procurar un mellor funcionamento implementando políticas públicas de apoio, o que se propoñen son medidas para facilitar e axilizar a declaración dos montes como abandonados ou degradados, para que poidan acabarse xestionadas polas empresas ávidas de controlar o territorio.

Éso a pesar de que un recente informe do Consello de Contas, no que se falaba dos incumplimentos dos instrumentos de planificación forestal aprobados por vostedes mesmos, dicía que había que traballar para revertir a situación das comunidades que non tiñan capacidade de xestión.

O obxectivo real das modificacións da 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común é a usurpación dos montes para que fagan negocio as empresas, porque nunca apostaron por cooperar con estas fórmulas sociais de aproveitamento do monte que debería de ser o cerne das políticas da Xunta de Galicia.

E manifestan unha visión reduccionista e forestalista do monte, que é algo moito máis complexo e rico que o que nos ofrece esa visión xa que os criterios de avaliación da boa xestión redúcese só ao aspecto forestal.

Un recoñecemento máis do fracaso do goberno Feijoo son as modificacións na xestión da biomasa das faixas de protección, reducidas por este goberno con respecto ás medidas adoptadas no bipartito, desprotexendo os núcleos de poboación irresponsablemente.

As medidas propostas neste proxecto de lei son insuficientes, pero adolecen tamén de contradición co contido de proxecto de orzamentos para o ano 2018, xa que a pesar de anunciar a ampliación das posibilidades de actuación dos

concellos na xestión da biomasa non se prevé o incremento das cantidades orzamentadas nos convenios e subvencións cos concellos.

No CAPÍTULO III sobre patrimonio natural as modificacións do decreto 37/2014 polo que se declaran as zonas especiais de conservación os LIC de Galicia e aproba o plan director da Rede natura 2000 e aclara cal son as actuacións autorizables sobre o mantemento das infraestructuras lineais son un agasallo máis ás eléctricas.

Mentras seguimos agardando a ampliación da superficie Rede Natura demandada dende Europa.

A modificación da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia é unha limitación á venda directa que se fan á beira dos Camiños de Santiago, que contrasta coas facilidades e simplificacións que se lle dan ás grandes empresas.

En canto ás medidas sobre política social o artigo 19 da Lei de Acompañamento de 2018 afonda na liña seguida pola "lei de acompañamento" de 2017 (artigo 69) sobre a cofinanciación dos servizos sociais a través do Consorcio.

Aumentouse a participación dos concellos na financiación de servizos sociais dos que é competente a Xunta, escolas infantís e centros de día.

En moitos casos, a liquidación que fai o Consorcio sobre o que teñen que aportar os concellos, é opaca.

Polo contido da presente lei e polo abuso da dispersión lexislativa efectuado por este goberno e intensificado nos últimos anos, contrario á racionalidade, simplificación e seguridade xurídica, e por ser instrumento para esquivar o debate profundo sobre políticas de grande trascendencia no país, En Marea oponse a este proxecto de lei.

Por todo elo o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte emenda de devolución ao proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2018.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 16:21:37

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 19215), con expresa petición de devolución por non estar de acordo nin co fondo nin coa forma.

Como vén sendo habitual nos últimos anos do Goberno presidido polo Sr. Núñez Feijóo, este proxecto de lei constitúe unha extensa amalgama de preceptos inconexos e sen un criterio minimamente homoxéneo, que resulta contraria á necesaria transparencia, quebrando o principio de seguridade xurídica, ao proceder a modificar aspectos legislativos moi relevantes a través dunha utilización espuria desta figura.

Utiliza unha técnica legislativa impropia e desaxustada, especialmente tendo en conta o discurso de transparencia e calidade democrática do Goberno, que se pensaba xa superada, pero que o actual executivo autonómico rescatou para os orzamentos nos últimos anos, e que pese ás críticas unánimes da oposición e da doutrina, consolida de novo para o exercicio do 2018.

Este mecanismo imposibilita poder afondar en diversas cuestións, ao estar supeditadas á Lei orzamentaria e ser tramitadas nos prazos do procedemento daquel, co detrimento da calidade política e xurídica que provoca.

Esta lei aproveita de maneira interesada a axilidade procedimental da Lei de orzamentos, pero sen verse afectada polas súas restricións, perfectamente expresadas na sentenza do Tribunal Constitucional STC76/1992, na que se vetaban certas materias nas leis de orzamentos, sen respectar o seu espírito sobre o cumprimento nas cuestións de transparencia, gobernanza e bo goberno.

A doutrina afirma que as leis de acompañamento serían no fondo un anaco da Lei de orzamentos (así incluso se nos presentou nestes orzamentos, nos que a Xunta a acompaña coma un libro máis destes) que se deixa fóra (pero xusto ao lado) coa finalidade de sortear ou evitar as limitacións materiais que teñen estas leis.

Grupo Parlamentario

Hai relevantes autores que consideran que este tipo de leis son unha fraude á doutrina do Tribunal Constitucional en materia de límites do contido das leis de orzamentos, como podería ser a restrición que impón o art. 134.7 da Constitución española, ao impedirle crear tributos ou modificalos se non o habilita previamente unha lei tributaria.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Con esta lei impídese coñecer con rigor, profundidade e o detemento necesario, todas e cada unha das cuestións incluídas nela, obtendo como resultado o empeoramento da calidade política e xurídica do debate do proxecto de lei. E mesmo a calidade democrática do conxunto da vida parlamentaria, e dos labores de impulso e control que se debe defender dende o poder legislativo fronte ao poder executivo.

Esta norma é contraria á transparencia, e mostra o retroceso democrático que está a ter o actual Goberno da Xunta de Galicia, modificando un número considerable de leis, que afectan a importantes cuestións, como se comproba ca simple enumeración das cuestións que trata, e que a continuación se relacionan:

- . Deducións IRPF
- . Deducións Patrimonio
- . Deducións Imposto transmisións e AXD
- . Taxas, onde ademais do aumento xeral do 1 %, se modifican ou introducen novas imposicións relacionados con:
 - . Portos
 - . Pesca
 - . Pesca fluvial
 - . Caza
 - . Ensinanzas artísticas
 - . Ensinanzas LOE
 - . Navegación PN Illas Atlánticas
 - . Traslado animais
 - . Análises parasitolóxicos
 - . Servizos farmacéuticos
 - . Medicamentos
 - . Control empresas alimentarias
 - . Laboratorios
 - . Instrumentos para medición de velocidade vehículos
 - . Vehículos
 - . Obras hidráulicas
 - . Solo contaminado

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- . Bateas
- . Emprego público
- . Creación escala de vixilantes de recursos naturais
- . Urbanismo
- . Pesca fluvial
- . Rede Natura 2000
- . Espazos naturais
- . Confrarías de pescadores
- . Pesca
- . Ordenación farmacéutica
- . Montes veciñais
- . Incendios forestais
- . Mobilidade de terras
- . Montes
- . Medio rural agrario
- . Servizos sociais e a súas relacións cas administracións locais
- . Acción voluntariado
- . Xuventude
- . Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia
- . Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral
- . Comercio interior
- . Protección persoas consumidoras e usuarias
- . Fundacións de carácter feiral
- . Plans galegos de financiamento universitario

Constátase ademais unha ausencia dos informes necesarios por parte mesmo das distintas consellerías, respecto da xustificación das modificacións propostas ou das cuestións que lles compete. Así como de calquera outro tipo de informe sectorial ou dos órganos de colaboración ou asesoramento creados, que sería desexable – e incluso legalmente en certos casos exixible - cando se modifican leis de transcendencia para Galicia. E mesmo os informes de impacto económico, que nun momento como o actual resultan especialmente relevantes.

Modifícanse leis en vigor sen ningunha xustificación ou aclaración, moitas delas sen incidencia directa cos gastos e ingresos da administración autonómica, existindo materias que claramente deberían ser obxecto dun tratamento específico e diferenciado, requirindo ser tramitadas dun xeito separado, polo seu impacto social, económico e territorial.

Por todo o anterior reiteramos a expresa petición de devolución deste proxecto de lei.



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2017 16:48:46



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:47
Nº Rexistro: 19960
Data envío: 08/11/2017 16:47:15.517

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego(BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas**, doc. núm. **19215, (09/PL-000008)**, polos seguintes motivos:

O Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas forma parte da tramitación do Proxecto de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2018, un Proxecto que se caracteriza pola falta de ambición por superar o difícil contexto que a crise e as políticas restritivas impulsadas polos Gobernos presididos por Alberto Núñez Feijóo desde a súa chegada á Presidencia da Xunta no ano 2009, polo que, malia o marco de crecemento económico e maior dispoñibilidade de recursos, o que define estes orzamentos é a carencia de proxecto de desenvolvemento económico e de garantía dos servizos sociais, unha definición que tamén é aplicábel ao caso concreto do proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas.

Deste xeito, o seu contido volve revestir, unha vez máis, o carácter de “caixón de xastre” no que non se adoptan as medidas necesarias para o gasto público, que palíen os efectos da grave crise ou que adopten medidas tendentes a reverter determinadas situacións, nomeadamente no rural, e tendo en conta os graves acontecementos sufridos na vaga de lumes no mes de outubro deste ano.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:47
Nº Rexistro: 19960
Data envío: 08/11/2017 16:47:15.517

Trátase, na meirande parte dos casos, de medidas que nada teñen que ver con melloras e innovacións dos sectores a que atinxen, nin son medidas consensuadas cos sectores afectados, afastándose do carácter consensuado e de defensa do interese xeral que se pregoa, actuando na práctica de xeito contrario.

Con respecto ás medidas fiscais, cómpre sinalar que este proxecto continúa coa política impositiva de carácter regresivo que está a caracterizar aos gobernos do Partido Popular, polo que non atopamos medidas que avancen cara outra concepción da fiscalidade e xa que logo aposten polos principios de progresividade e equidade como eixos principais do sistema fiscal para atender á súa función redistributiva.

As modificacións en material fiscal concrétanse as medidas de moi escaso impacto, porén non se contempla ningunha medida para, dentro das limitadas competencias galegas, configurar un sistema fiscal máis xusto. Entre estas medidas sería especialmente desexábel o incremento dos tipos para as rendas e patrimonios máis elevados ou a creación de novos tributos, como un imposto que grave o impacto económico, social e ambiental que provocan as grandes superficies comerciais.

Estas modificacións configurarían un sistema fiscal máis xusto e progresivo ao tempo que aportaría maiores recursos para destinar á mellora dos servizos públicos básicos e á dinamización económica. Porén o Goberno galego négase a usar as capacidades normativas que temos nestes impostos para avanzar neses obxectivos.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:47
Nº Rexistro: 19960
Data envío: 08/11/2017 16:47:15.517

Polo que respecta ás medidas administrativas, inclúense modificacións que nada teñen que ver coa evolución e a mellora ao non ser consensuadas cos sectores interesados, estas medidas deberían pretender racionalizar a actividade normativa, que sexan sometidas a consulta pública, no en tanto despois convértense en todo o contrario.

Na súa maior parte, as modificacións introducidas afectan ao medio rural, introducindo modificacións puntuais e inconexas que indican que dita consellaría non ten unha estratexia definida e clara, senón que parchea leis que non dan resultado, de forma máis ben burocrática que para conseguir efectos positivos reais no medio rural galego, que permitan inverter a súa tendencia ao declive e abandono.

No que atinxe á lei de prevención de incendios, hai unha serie de medidas que simplemente adaptan a terminoloxía á vixente lei do solo aprobada en 2016, e ademais as partidas orzamentarias relacionadas coa prevención de incendios experimentan recortes. Igualmente regúlase dun xeito burocrático a obrigação de limpeza arredor de núcleos, sendo polo tanto estas medidas insuficientes visto o acontecido cos últimos incendios na Galiza, semellan medidas adoptadas antes da vaga de lumes, e que malia o que pasou apenas modifica a súa postura. Desaproveitase a necesidade de mudar a fondo a política forestal e preventiva, ao meter apresuradamente unha serie de medidas parciais e puntuais, cando houbo unha situación excepcional que é un aviso serio para o futuro, e que require por iso de medidas de máis fondo alcance e non puntuais e conxunturais.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:47
Nº Rexistro: 19960
Data envío: 08/11/2017 16:47:15.517

Por todas estas razóns, a través desta emenda de totalidade, o **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) SOLICITA A DEVOLUCIÓN DO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS.**

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2017 16:46:55